CONCELLO
DA GUARDA

RAQUEL DUARTE NÚÑEZ (1 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 19/07/2017
HASH: 79bfbed680be3f5f81d502fed1010a6a

ANTONIO LOMBA BAZ (2 para 2)
ALCALDE PRESIDENTE
Data de Sinatura: 19/07/2017
HASH: 2939540018 3d10d000de085447fb335f

ACTA Nº 5	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: **26.05.2017**	CARACTER: **ORDINARIA**	CONVOCATORIA: **PRIMEIRA**
LUGAR: **SALÓN DE PLENOS**	HORA: **20:03 HORAS**	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ – ALCALDE (PSdeG – PSOE)

ASISTENTES:

Dª. Mª MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
Dª. ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
Dª. Mª TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRIGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
Dª. Mª DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
Dª. ELENA ACEVEDO ROLÁN (abandona a sesión cando se indica)	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
Dª. Mª MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
Dª. Mª DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

RAQUEL DUARTE NÚÑEZ	SECRETARIA
DAVID ARAGUNDE ARPPE (abandona a sesión cando se indica)	INTERVENTOR

Non asiste:

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, presenta ó novo Interventor.

Neste momento, e de acordo co Regulamento do Pleno de Concello da Guarda, o Sr. Alcalde informa de que se presentou unha moción por vía de urxencia. É necesario votar dita urxencia, e se prospera, se debaterá ó final do punto das mocións. Non habendo ningunha.

CONCELLO
DA GUARDA

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA de 31.03.2017)

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 31.03.2017.

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

A Sra. Iglesias Ferreira di que ten anotacións de cuestións que lle parecen importantes e que faltan no debate. Hai cuestións que lle interesa que aparezan, por exemplo, na páxina 16, onde di "*xa a tiñamos neste Pleno*" debe dicir "xa a tiñamos neste plan". Na páxina 25 falta parte do debate. Na páxina 29 na miña intervención digo que "*así que calquera proposta que poda ser razoable vouna apoiar*" eu recordo que dixen que "calquera proposta de calquera grupo que poda ser razoable vouna apoiar". Na páxina 33 hai unha frase que non ten ningún sentido. Cando falei o dixen cun sentido e agora aquí non o recolle, di " *pregunto porque non o sei. Cando non se chama a un suplente, ¿por qué é? Si non hai motivo*." E acaba aí a frase e eu estou segura de que esto non foi así. No debate da moción do Partido Popular sobre a mellora ó fomento do turismo na Vila da Guarda, tamén falta parte do debate. En rogos e preguntas, na pregunta 12 aparece "*Tamén pensei que viña o tema do Padroado de Turismo*" e é o Padroado do Monte Santa Tegra, non o Padroado de Turismo. Aparecen bastantes cousas que me gustaría que se modificaran e, polo tanto, vou a absterme.

A Secretaria di que se algún concelleiro quere que apareza algunha intervención súa literalmente, non hai ningún problema sempre que se pase por escrito.

O Sr. Rodríguez Fariñas di que non quere entrar en moitos detalles, pero o que é certo é que non melloramos nada no tema das actas porque é imposible que un pleno que dura cinco horas podamos resumilo en trinta follas, pero hai algúns puntos nos que debería haber un pouco máis de coidado ao transcribilos. O único que quería facer é esa observación. Pediría que se fixera o esforzo de que as actas, polo menos naqueles temas nos que hai debate, recolleran polo menos o groso das intervencións.

O Sr. Vicente Baz di que hai algúns erros nos apelidos, son erros comprensibles ao acabar de chegar, por exemplo, na páxina 2 di o Sr. Lomba Alonso e debería dicir o Sr. Baz Vicente. Na páxina 6 di "*o BNG parece que só fala de política local*.", cando o que queremos dicir é todo o contrario, que non falamos sólo de política local. Na páxina 8 pon Baz Vicente e sería Lomba Alonso. E na seguinte, na 9, tamén pon Baz Vicente e é Lomba Alonso. Son erros que podemos cometer todos. Nós imos votar a favor corrixindo eses matices.

A Sra. Ortega Martínez di que van votar a favor. Seguramente eu son a portavoz á que máis se recortou, pero eu entendo que ten que resumir a Secretaria e o seu criterio é respetable.

Sometida a votación ordinaria a acta do 31.03.2017, foi **aprobada** por quince votos a favor, do PSdeG-PSOE (sete), PP (cinco) e BNG (tres) e dúas abstencións, de CG (unha) e da concelleira nos adscrita (unha).

CONCELLO
DA GUARDA

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A Sra. Iglesias Ferreira pregunta sobre dous decretos que parecen duplicados ou son decretos moi parecidos, relativos á liña 1 e liña 2 das subvencións de Deputación, os decretos 270 e 271, sobre compra de equipos informáticos. Non sei se se compraron dous equipos informáticos do mesmo precio ou é que hai un erro e o decreto está duplicado. Dígoo aquí por si hai que corrixilo.

O Sr. Alcalde di que só hai unha solicitude. Vémolo e corrixirase se é o caso.

A Sra. Iglesias Ferreira continúa preguntando por un decreto dunha orde de pago por un gasto veterinario. Aparece tamén unha compra dun aparato de microchips e tamén aparece unha medicación veterinaria específica. Esto me leva a preguntar si ten algo que ver isto con que non exista neste momento empresa que se encargue deste tema ou non ten nada que ver e é algo puntual.

O Sr. Alcalde contesta que o da medicación ten que ver cun gato que tivemos dous ou tres días, e a compra do aparato de microchips ten que ver cunha demanda que nos fixo a policía e que axuda moito para poder identificar ós animais.

A Sra. Iglesias Ferreira di que se da por enterada.

O Sr. Rodríguez Fariñas di que se da por enterado.

O Sr. Baz Vicente di que o BNG dáse por enterado.

A Sra. Ortega Martínez di que se dan por enterados e pregunta ¿en qué consiste o obradoiro de emprego que se pedíu Manuel Portela? ¿é o mesmo proxecto do ano pasado de Sinde?

O Sr. Alcalde di que sempre se chaman Manuel Benito Portela porque é o nome do obradoiro. Pero sí é para Sinde.

A Sra. Ortega Martínez di que hai un decreto, o 263 para material turístico e nos gustaría saber de qué puido ser ese material turístico. Porque hai outra gasto para o centenario de 4.000 euros.

O Sr. Alcalde di que se inclúe todo o material de promoción turística.

A Sra. Ortega Martínez di que tamén nun dos decretos hai 21.000 euros da sinalización horizontal. Continúa preguntando por un decreto da urbanización de Concepción Arenal por 100.000 euros con cofinanciación coa Deputación. Tamén limos na prensa, ademáis de ler o decreto 279, que se vai a firmar o convenio. Entonces é que xa se sabe máis ou menos cómo vai ser o proxecto. Este partido non coñecemos o proxecto, ¿poderíanos dicir o concelleiro de obras algo sobre este proxecto?

O Sr. Alcalde di que non se sabe cómo vai ser o proxecto. Fixemos esa previsión contando con que o Concello vai ter que pagar no momento que se faga o 30 % e vai ser difícil facelo nun ano.

A Sra. Ortega Martínez di que, igual que di en todos os plenos, por favor, se lles faciliten antes os decretos. Hai gobernos locais que lle teñen unha clave á oposición para que os podan ir vendo.

PUNTO 3.- APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DA GUARDA

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposición data 18.05.2017, ditaminada pola Comisión de Asuntos Plenarios de 23.05.2017, que literalmente di:

"PROPOSTA AO PLENO

Estando xa en vigor a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faise imprescindible e inevitable a implementación da administración electrónica.

A presente ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello da Guarda constitúe o marco a través do cal a administración municipal concreta, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, o desenvolvemento da implantación da administración electrónica.

Por todo o anterior, propoño ó Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello da Guarda, que figura como anexo a esta proposta.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde para a súa publicación e execución."

ANEXO

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

ÍNDICE DE ARTIGOS

CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN
Artigo 1. Obxecto
Artigo 2. Ámbito de aplicación
CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

Artigo 3. Sistemas de identificación e autenticación

CONCELLO
DA GUARDA

CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA

Artigo 4. Sede electrónica
Artigo 5. Catálogo de procedementos
Artigo 6. Contido da sede electrónica
Artigo 7. Taboleiro de edictos electrónico
Artigo 8. Publicidade activa
Artigo 9. Perfil do contratante
CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO
Artigo 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico
Artigo 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico
Artigo 12. Funcións do rexistro electrónico
Artigo 13. Responsable do rexistro electrónico
Artigo 14. Acceso ao rexistro electrónico
Artigo 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións
Artigo 16. Rexeitamento das solicitudes, escritos e comunicacións
Artigo 17. Cómputo dos prazos
CAPÍTULO 5. NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS
Artigo 18. Condicións xerais das notificacións
Artigo 19. Práctica das notificacións electrónicas
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Entrada en funcionamento da sede electrónica
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Entrada en funcionamento do rexistro electrónico
DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Seguridade
DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Protección dos datos
DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Ventanilla única da Directiva de Servizos
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Habilitación de desenvolvemento
DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉPTIMA. Aplicación das previsións contidas nesta Ordenanza
DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración Municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico nos servizos públicos municipais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación ao Concello e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste, e os cidadáns nas súas relacións coa Administración Municipal.

CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

CONCELLO
DA GUARDA

ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II do Título I da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os interesados poderán identificarse electrónicamente ante a Administración Municipal a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán admitidos, os sistemas seguintes:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a Administración Municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

No caso de que os interesados optaran por relacionarse coa Administración Municipal a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de sinatura.

a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

c) Calquera outro sistema que a Administración Municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Con carácter xeral, para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo, será suficiente con que os interesados acrediten previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para:

a) Formular solicitudes.

b) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.

c) Interpoñer recursos.

d) Desistir de accións.

e) Rexeitar aos dereitos.

CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA

ARTIGO 4. Sede electrónica

Créase a sede electrónica do Concello, dispoñible na dirección URL https://aguarda.sedelectronica.gal. Esta é accesible directamente, a través do portal do Concello http://www.aguarda.es.

A titularidade da sede electrónica corresponderá á Administración Municipal.

A sede electrónica crease con suxeición aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

A sede electrónica utilizará para identificarse e garantir unha comunicación segura, certificado recoñecido ou cualificado de autenticación de sitio web ou equivalente.

A sede electrónica deberá ser accesíbel aos cidadáns todos os días do ano, durante as vintecatro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, por o tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, no seu caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe na que se comunique tal circunstancia.

ARTIGO 5. Catálogo de procedementos

Tal e como establece o artigo 53.1 f) da citada Lei 39/2015, o interesado ten, entre outros, o dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoña realizar.

Neste mesmo sentido, o artigo 16.1 tamén da Lei 39/2015, establece que na sede electrónica de acceso a cada rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

A estes efectos, o Concello fará público e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións na sede electrónica.

ARTIGO 6. Contido da sede electrónica

A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

1. A identificación do órgano titular da sede e dos responsables da súa xestión e dos servizos postos a disposición da mesma e no seu caso, das subsedes dela derivadas.

2. A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.

3. Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.

4. Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme sexan admitidos ou utilizados na sede.

5. A relación de selos electrónicos utilizados pola Administración Municipal, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, así como o sistema de verificación dos mesmos.

6. Un acceso ao rexistro electrónico e á disposición de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles dende a sede.

7. A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.

8. O Inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.

9. A relación dos medios electrónicos que os cidadáns poden utilizar no exercicio do seu dereito a comunicarse coa Administración Municipal.

10. Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

11. O acceso, no seu caso, o estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.

12. A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que foran autenticados mediante código seguro de verificación.

13. A indicación da data e hora oficial.

14. O calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do cómputo de prazos.

15. Publicaranse os días e o horario no que deban permanecer abertas as oficinas que prestarán asistencia para a presentación electrónica de documentos, garantindo o dereito dos interesados a ser asistidos no uso de medios electrónicos.

16. Directorio xeográfico actualizado que permita o interesado identificar a oficina de asistencia en materia de rexistros máis próxima o seu domicilio.

17. Códigos de identificación vixentes relativos aos órganos, centros ou unidades administrativas.

ARTIGO 7. Taboleiro de edictos electrónico

A sede electrónica terá un taboleiro de edictos electrónico onde se publicarán os actos e comunicacións que por disposición legal e regulamentaria así se determinen.

O Concello garantirá mediante os instrumentos técnicos pertinentes o control das datas de publicación dos anuncios ou edictos co fin de asegurar a constatación da mesma a efectos de cómputos de prazos.

ARTIGO 8. Publicidade activa

O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo isto de conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Neste sentido, o Concello publicará:

Información institucional, organizativa e de planificación.

Información de relevancia xurídica, isto é normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.

Información económica, orzamentaria e estatística.

ARTIGO 9. Perfil do contratante

Dende a sede electrónica accederase ao perfil do contratante do Concello, cuxo contido axustarase ao disposto na normativa de contratación.

CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO

ARTIGO 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico

Mediante esta Ordenanza crease o rexistro electrónico do Concello e das súas entidades de dereito público dependentes, determinase o réxime de funcionamento e establécense os requisitos e condicións que haberán de observarse na presentación e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios electrónicos.

O funcionamento do rexistro electrónico réxese polo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na presente Ordenanza e, no previsto por estes, na normativa de Dereito Administrativo que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico

Este Concello dispón dun rexistro electrónico xeral no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba.

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

ARTIGO 12. Funcións do rexistro electrónico

O rexistro electrónico do Concello cumprirá as seguintes funcións:

a) A recepción de escritos, solicitudes e comunicacións, así como a anotación do seu asento de entrada.

b) A expedición de recibos electrónicos acreditativos da presentación de ditos escritos, solicitudes e comunicacións.

c) A remisión de comunicacións e notificacións electrónicas, así como a anotación do seu asento de saída.

d) Calquera outras que se lle atribúan legal ou regulamentariamente.

ARTIGO 13. Responsable do rexistro electrónico

A responsabilidade da xestión deste rexistro corresponderá á Alcaldía do Concello.

ARTIGO 14. Acceso ao rexistro electrónico

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da sede electrónica deste Concello ubicada na seguinte dirección URL: https:// https://aguarda.sedelectronica.gal.

ARTIGO 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións

Os documentos presentados de maneira presencial ante esta Administración, deberán ser dixitalizados, de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 39/2015 e demais normativa aplicable, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que foran presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado, sen prexuízo de aqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

O rexistro electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todolos días do ano durante as vintecatro horas.

O Rexistro Electrónico rexerase pola data e hora oficial da Sede Electrónica.

O Rexistro Electrónico xerará automaticamente un recibo da presentación realizada, en formato pdf e mediante algún dos sistemas de identificación admitidos, que deberá conter data e hora de presentación, número de entrada do rexistro e relación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación. A falta de emisión do recibo acreditativo da entrega equivalerá á non recepción do documento, o que deberá pórse en coñecemento do usuario.

ARTÍCULO 16. Rexeitamento de solicitudes, escritos e comunicacións

A Administración Municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

a) Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar á integridade ou a seguridade do sistema.

b) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando teña incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Os documentos adxuntos aos escritos e comunicacións presentadas no rexistro electrónico deberán ser lexibles e non defectuosos, podéndose utilizar os formatos comunmente aceptados que se farán públicos na sede electrónica deste Concello.

Nestes casos, informarase diso ao remitente do documento, coa indicación dos motivos do rexeitamento así como, cando fose posible, dos medios de corrección de tales deficiencias. Cando o interesado o solicite, remitirase xustificación do intento de presentación, que incluirá as circunstancias do rexeitamento.

ARTIGO 17. Cómputo dos prazos

O rexistro electrónico rexerase, a efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as Administracións Públicas, pola data e a hora oficial da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O rexistro electrónico estará a disposición dos usuarios as vintecatro horas do día, tódolos días do ano, excepto as interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

Aos efectos de cómputo de prazos haberá que estar ao seguinte:

— Cando os prazos se sinalen por horas enténdese que estas son hábiles. Serán hábiles tódalas horas do día que formen parte dun día hábil.

Os prazos expresados por horas contaranse de hora en hora e de minuto en minuto dende a hora e minuto en que teña lugar o acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vintecatro horas, en cuxo caso se expresarán en días.

— Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

— A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días inhábiles entenderanse efectuadas na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para elo, no asento de entrada inscribiranse como data e hora da presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción, constando como data e hora de entrada a primeira hora do primeiro día hábil seguinte.

— A entrada das solicitudes entenderanse recibidas no prazo establecido se se inicia a transmisión dentro do mesmo día e se finaliza con éxito. A efectos de cómputo de prazos, será válida e producirá efectos xurídicos a data de entrada que se consigne no recibo expedido pola unidade de rexistro.

— Non se dará saída, a través do rexistro electrónico, a ningún escrito ou comunicación en día inhábil.

— Considéranse días inhábiles, a efectos do rexistro electrónico da Administración Municipal, os sábados, domingos e os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e polos da capitalidade do municipio. A estes efectos, poderase consultar o calendario publicado na sede electrónica.

CAPÍTULO 5. Notificacións electrónicas

ARTÍCULO 18. Condicións xerais das notificacións

As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Non obstante o anterior, as Administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos nos seguintes supostos.

a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese intre.

b) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante.

Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta a disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma. A acreditación da notificación efectuada incorporarase ao expediente.

Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas, poderán decidir e comunicar en calquera intre á Administración Pública, mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

O consentimento dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración Municipal ou para un ou varios trámites segundo se haxa manifestado.

O interesado poderá así mesmo, durante a tramitación do procedemento, modificar a maneira de comunicarse coa Administración Municipal, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese intre mediante vía electrónica ou revocando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal, en cuxo caso deberá comunicalo ao órgano competente e sinalar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Esta modificación comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte a súa recepción no rexistro do órgano competente.

ARTIGO 19. Practica das notificacións electrónicas

A práctica da notificación electrónica realizarase por comparecencia electrónica.

A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso por parte do interesado debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica da Administración Municipal.

Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación, requirirase que reúna as seguintes condicións:

— Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá dito acceso.

— O sistema de información correspondente deixará constancia de dito acceso con indicación da data e hora, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada a tódolos efectos legais.

O sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta a disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido.

Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando haxan transcorrido dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se aceda ao seu contido.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Entrada en funcionamento da sede electrónica

A sede electrónica entrará en funcionamento desde o momento de entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Entrada en funcionamento do rexistro electrónico

O Rexistro electrónico entrará en funcionamento desde o momento de entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Seguridade

A seguridade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

O Pleno do Concello aprobará a súa política de seguridade co contido mínimo establecido no artigo 11 do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

Deberase dar publicidade nas correspondentes sedes electrónicas ás declaracións de conformidade e aos distintivos de seguridade dos que se dispoña.

Deberase realizar unha auditoría regular ordinaria ao menos cada dous anos. Cada vez que se produzan modificacións sustancias no sistema de información que poidan repercutir nas medidas de seguridade requiridas, deberase realizar unha auditoría con carácter extraordinario, que determinará a data de cómputo para o cálculo dos dous anos. O informe de auditoría terá o contido establecido no artigo 34.5 do Esquema Nacional de Seguridade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Protección dos datos

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación se desenvolverán de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Ventanilla única da Directiva de Servizos

O Concello garantirá, dentro do ámbito das súas competencias, que os prestadores de servizos poidan obter a información e formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio a través da Ventanilla Única da Directiva de Servizos (www.eugo.es), así como coñecer as resolucións e resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes. Con ese obxecto, o Concello impulsará a coordinación para a normalización dos formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Habilitación de desarrollo

Se habilita á Alcaldía Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉPTIMA. Aplicación das previsións contidas nesta Ordenanza

As previsións contidas nesta Ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada intre, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando as mesmas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor

A presente Ordenanza publicarase no *Boletín Oficial da Provincia,* e non entrará en vigor ata que se haxa publicado completamente o seu texto e haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.”

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

O Sr. Alcalde explica a motivación da proposta. Di que se trata dunha ordenanza moi técnica, particularizada para o Concello da Guarda, é a ordenanza que permite ós cidadáns relacionarse coa Administración.

A Sra. Iglesias Ferreira di que é necesaria. É unha especie de copia do que se está facendo noutros concellos. Será o tempo o que diga. Eu non vou ser un obstáculo para que se aprobe esta ordenanza.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que o informe de Secretaría di que tería que terse feito unha consulta pública. Creo que debería terse unha reunión coas entidades para explicarlles cómo funciona a ordenanza, porque se encontraron con problemas. Por exemplo á cofradía, que presenta moitos rexistros e tal como está planteado agora créalles máis problemas dos que lles creaba ata agora. Creo que debería aclarárselles a moitas entidades o funcionamento. Pero si é unha formación similar á que tivemos os grupos políticos da oposición, non vale a pena nin que molesten a nadie. Non vou a poñer en tela de xuizo a profesionalidade da empresa que xestiona a sede electrónica, pero salvo algunhas persoas, que nas súas empresas traballan moito co sistema electrónico, os demáis estamos "a velas vir".

O Sr. Lomba Alonso di que o concelleiro falou de varias cousas. A primeira é respecto do informe de Secretaría, que xusto antes do apartado catro fala dunhas excepcións á obligatoriedade de presentala. Non obstante, unha reunión coa cofradía terémola sin problema para solventar as dúbidas que poida haber. As dúbidas que poidan ter a cofradía, asociacións, os grupos políticos ou calquera particular poden plantexárnolas e si non as podemos resolver chamaremos á empresa. Creo que funcionaría mellor así, aclarándo dúbidas, que dando unha formación xenérica.

O Sr. Baz Vicente di que o seu grupo propón que respecto dos cortes programados para calquera traballo que haxa que facer na plataforma, conste na ordenanza que se avisarán con 48 horas de antelación.

O Sr. Alcalde di que a antelación será en cada caso a que resulte posible. Incluso pareceríalle ben si fora posible facelo con más de 48 horas de antelación. Paréceme ben a observación.

O Sr. Baz Vicente di que estarían encantados de aprobar a ordenanza si se modifica eso.

O Sr. Alcalde di que tería que preguntar si técnicamente eso é posible. Si puidera tomar a decisión sería favorable.

A Sra. Ortega Martínez di que máis que a ordenanza é o cartel que hai en secretaría que di algo así como que como no pleno de maio se vai a aprobar a ordenanza, a partir de entonces o portelo que cada un o presente na sede electrónica da Xunta. Sobre todo á cofradía xeneraríalle moitos problemas porque ten moitos autónomos, si se lles saca o portelo, como pon o papel, porque non toda persoa ten certificado dixital. Entendemos que o rexistro do Concello está saturado, pero á xente da flota de baixura xa se lles sacou capitanía, se agora se lles saca o portelo están realmente fastidiados. Por outro lado a ordenanza sí é verdade que é tipo, pero o grupo de goberno poderíanos incluir dar unha clave ós grupos da oposición para ver os documentos, como pasa noutros concellos. Outra cousa, como unha pequena crítica, dicir que para esta ordenanza houbo prisa, para outras hai problemas. Pola ordenanza do GES levamos

dous anos e tres meses esperando. A parte disto, o noso voto vai a ser en contra porque vamos alegar contra esta ordenanza, e pediría que os demáis grupos pensen nos problemas que lles vai a ocasionar ós autónomos.

O Sr. Alcalde di que a Sra. Concelleira relacionar a aprobación da ordenanza da sede electrónica con que se perxudica á flota de baixura…. E falas da ordenanza dos GES. Esta é unha ordenanza que regula a relación das empresas, cidadáns e grupos políticos co concello a través da web. Son cuestións que hai que separar. Esta ordenanza tena o Concello do Rosal ou o Concello de Oia dende que Louzán era presidente da Deputación Provincial de Pontevedra. Feita esta referencia, dicir que a ordenanza non vai con prisa, se acaso con retraso. Leva máis de tres meses na bandexa e tivemos unha xuntanza debe facer máis dun mes para falar disto. E en relación co papel posto no rexistro é mellor que a Secretaría aclare o seu contido.

A Secretaria aclara que o papel que se puxo no rexisto solamente contén a transcripción do contido dos artigos 14.2 e 68.4 da Lei 39/2015, relativos ó dereito e obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas, para ir informando á xente do que establece a lei.

O Sr. Alcalde di que queda aclarado o contido do papel, que nada ten que ver coa ordenanza.

A Sra. Iglesias Ferreira di que entende que os particulares poden seguir usando o portelo, e as persoas xurídicas teñen que relacionarse electrónicamente coa Administración.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que ó millor todo é máis sencillo do que pensamos, pero o que é verdade e que é unha calamidade cómo está funcionando o Concello. Non pode ser que veñas a presentar un papel e teñas que esperar para o outro día para que cho rexistren.

O Sr. Alcalde di que eso é outra cuestión que non afecta á aprobación da ordenanza.

VOTACIÓN.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdeG-PSOE, sete votos en contra do PP (cinco), CG (un) e concelleira nos adscrita (un) e tres abstencións do BNG (tres) de CG (un), decidindo a votación o voto de calidade do Alcalde segundo art. 100.2 do ROF e art. 46.2 de la Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, **ACORDA**: aprobar a proposición nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 4.- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D.ª CONCEPCIÓN MARTÍNEZ VICENTE CONTRA O ACORDO DO PLENO DE 31.03.2017 DE DENEGACIÓN DE COMPATIBILIDADE

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposición data 19.05.2017, ditaminada pola Comisión de Asuntos Plenarios de 23.05.2017, que literalmente di:

"PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

CONCELLO
DA GUARDA

Recurso de reposición contra o acordo do Pleno de 31.03.2017 sobre denegación de compatibilidade para o exercicio dun segundo posto de traballo uo actividade no sector público,

O día 9 de febreiro de 2017 Dna. Concepcion Martínez Vicente, traballadora do Concello da Guarda no posto de auxiliar de axuda a domicilio, xornada a tempo parcial, solicitou que se lle recoñecera a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo noutra administración pública.

Por acordo plenario de data 31.03.2017 acórdase denegar a compatiblidade solicitada por Dna. Mª Concepción Martínez Vicente para o desenvolvemento dun segundo posto de traballo noutra administración pública.

O acordo foi notificado á interesada con data 11.04.2017.

Con data 03.05.2017, D.ª Mª Concepción Martínez Vicente presenta recurso de reposición contra o acordo do pleno de 31.03.2017, solicitando a estimación do recurso, así como que se autorice a compatibilidade solicitada, para o desempeño do posto de auxiliar de axuda a domicilio, a tempo parcial, en xornada de mañá no Concello da Guarda e o posto de limpeza de edificios, tamén a tempo parcial, e en xornada de tarde, no Concello do Rosal, en caso de ser chamada para elo.

No punto treceiro do recurso de reposición di "*Os motivos nos que se apoia ese Concello para xustificar a denegación da autorización de compatibilidade solicitada resultan dunha interpretación moi xenérica da normativa, como si dun posto de traballo a tempo completo se tratara. Non se ten en conta que a recorrente pretende compatibilidar dous postos de traballo a tempo parcial. A lexislación sobre incompatibilidade nas Administracións Públicas ditouse nunha época na que as relación laborais coas Administracións a tempo parcial eran algo absolutamente extarordinario, que se daba só en moi poucos postos dos grupos máis superiores. Esta situación mudou profundamente, existindo na actualidade multitude de persoas que traballan nas Administracións locais a tampo parcial, polo que esta circunstancia deberá ser tida en conta á hora de decidir sobre a petición de compatibilidade*".

Con data 18.05.2017 emítese informe pola Secretaría municipal.

Respecto á compatibilidade para exercer un segundo posto ou actividade no sector público, a regra xeral é que unicamente pode desempeñarse un posto (art.1.1), salvo nos supostos expresamente contemplados no art. 3.1 da Lei 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

"1. O persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docente e sanitaria, nos casos a que se refiren os artigo 5.º e 6.º e nos que, por razón de interese público, determínese polo Consello de Ministros, mediante Real decreto, ou órgano de goberno da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias; neste último suposto a actividade só poderá prestarse en réxime laboral, a tempo parcial e con duración determinada, nas condicións establecidas pola lexislación laboral.

Para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

En todo caso a autorización de compatibilidade efectuarase en razón do interese público."

Os supostos exceptuados da regla xeral de incompatibilidade para desempeñar un segundo posto no sector público veñen regulados no artigo 4 da Lei 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

"1. Poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada.

2. Ao persoal docente e investigador da Universidade poderá autorizarse, cumpridas as restantes esixencias desta lei, a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público sanitario ou de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación do sector público, incluíndo o exercicio de funcións de dirección científica dentro dun centro ou estrutura de investigación, dentro da área de especialidade do seu departamento universitario, e sempre que os dous postos veñan regulamentariamente autorizados como de prestación a tempo parcial.

Recíprocamente, a quen desempeñe un dos definidos como segundo posto no parágrafo anterior, poderá autorizarse a compatibilidade para desempeñar un dos postos docentes universitarios a que se fai referencia.

Así mesmo aos Profesores titulares de Escolas Universitarias de Enfermería poderá autorizarse a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector sanitario nos termos e condicións indicados nos parágrafos anteriores.

Igualmente aos Catedráticos e Profesores de Música que presten servizo nos Conservatorios Superiores de Música e nos Conservatorios Profesionais de Música, poderá autorizarse a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público cultural nos termos e condicións indicados nos parágrafos anteriores.

3. A dedicación do profesorado universitario será en todo caso compatible coa realización dos traballos a que se refire o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria, nos termos previstos na mesma."

Visto que a solicitante non se atopa en ningún destes supostos.

Visto que corresponde ó Pleno resolver sobre o recurso presentado.

Polo exposto, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D.ª María Concepción Martínez Vicente contra o acordo plenario de data 31.03.2017.

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada."

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

A Sra. Iglesias Ferreira di que vai manter a postura do pleno anterior. Vou absterme. É un tema persoal que implica o traballo dunha persoa. Pero tamén hai unha lexislación que di o que di. Aínda así tamén un xuíz podería dicir outra cousa.

O Sr. Rodríguez Fariñas di polas consultas que fixen parécelle que a postura do goberno é a correcta, pero voume abster.

A Sra. Ortega Martínez di que se van abster

O Sr. Español Otero pregunta á Secretaria si é un asunto de Pleno.

A Sra. Secretaria contesta que si.

O Sr. Español Otero di entón non entendo que se absteñan.

CONCELLO
DA GUARDA

VOTACIÓN.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdeG-PSOE, e dez abstencións, do PP (cinco), do BNG (tres), de CG (un) e da concelleira non adscrita (un) **ACORDA**: aprobar a proposición nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 5.- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS Ó ABIERO DO PLAN CONCELLOS 2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

O señor Alcalde da conta das subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra:

"O abeiro das Bases reguladoras da convocatoria de Plan de Obras e Servizo (PLAN CONCELLOS 2017) publicadas no BOP nº 249 do 30 de decembro de 2016 da Deputación de Pontevedra.

En cumprimento da base décima de dito Plan onde di " *As solicitudes deberán ser aprobadas mediante acordo do órgano competente do Concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. No caso de seren aprobados mediante decreto de Alcaldía ou ben acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta de dita aprobación ó Pleno da Corporación municipal ……"*

Dáse conta o pleno do Concello da Guarda das seguintes subvencións, aprobadas polo concello e presentadas a Deputación Provincial de Pontevedra.

LIÑA 2: GASTO CORENTE NOVO

Nº EXP.	OBXECTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2017010598	FACTURA ELECTRICIDADE	20.956,02	20.956,02
2017010776	ACTIVBIDADES CULTURAIS VIVA A GUARDA 2017	8.000,00	8.000,00
2017010779	ENTROIDO	3.200,00	3.200,00
2017010786	EXPOSICIÓN MASAT	8.600,00	8.600,00
2017010794	NOITES NO CASTELO	7.000,00	7.000,00
2017010801	PROGRAMA DE VISITAS TEATRALIZADAS	5.000,00	5.000,00
2017010782	X GALA DO DEPORTE	1.431,16	1.431,16
2017010784	CAMPUS DE VERAN DEPORTIVO	1.057,54	1.057,54
2017010789	VERÁN DEPORTIVO	2.662,00	2.662,00
2017010799	ANDAINAS 2017	1.924,45	1.924,45
2017010805	ESCOLA BALONCESTO MUNICIPAL	1.512,00	1.512,00
2017010791	MATERIAL TURÍSTICO	7.683,50	7.683,50
2017010807	TIRADA DE FOGOS FESTA DO MONTE	7.048,25	7.048,25
2017010630	ACTIVIDADES CENTENARIO MASAT	4.000,00	4.000,00
2017010628	CAMPAÑA INFORMATIVA DO REGULAMENTO DE LIXO	5.942,77	5.942,77

CONCELLO
DA GUARDA

LIÑA 3:PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Nº TRABALLADORES	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
17	2 axudantes camión do lixo, 1 oficial albanel, 2 axudantes albaneis, 3 peóns de desbroce, 2 varredores e 1 auxiliar para o centro cultural a xornada completa durante 10 meses; 1 técnico informático a xornada completa durante 8 meses; 1 conserxe en xornada de 25 h/semanais durante 8 meses; e 4operarios/axudantes de limpeza de praias en xornada de 25 h/semanais durante 5 meses	154.852,58€
1	1 técnico de medio ambiente a xornada completa durante 7 meses	8.756,48€

O Sr. Alcalde explica que este ano unha das condicións que pon a Deputación para a xustificación destas subvencións é dar conta delas ó Pleno.

A Sra. Iglesias Ferreira di que quería preguntar porque hai dous expedientes, relativos o MASAT e as actividades do centenario, que son tema, en principio do Patronato ¿é un gasto que teña cabida nesta liña da Deputación?

O Sr. Alcalde di que opina que son temas que exceden do Patronato e que o Concello tamén ten unha obriga co monte.

A Sra. Iglesias Ferreira di que non o di por iso, senón porque temos dous orzamentos diferentes.

O Sr. Alcalde di que a subvención que pide o Concello vaina xustificar o Concello.

A Sra. Iglesias Ferreira dase por enterada.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que se alegra de que o Sr. Alcalde recoñeza que o Padroado gracias a non facer nada non ten sentido, e polo tanto xa chegou á conclusión de que ten que facelo o Concello porque o patronato non o fai. En segundo, me gustaría que a Secretaria me certificara que o órgano competente para a aprobación do plan concellos nun goberno en minoría lle corresponde á Xunta de Goberno Local, porque a Xunta de Goberno Local non ten delegada ningunha función por parte do Pleno. Terceiro, hai faltas de ortografía na proposta, a veces pon actividade con v e con b, e gasto “corente”.

O Sr. Alcalde di non creo que a Secretaria teña que facer ningún informe. Se non tes as bases do plan concellos pásochas e falamos. Vemos as bases os dous.

O Sr. Baz Vicente di nós preguntamos na Comisión de asuntos plenarios sobre o estado da rúa San Caetano e se nos contestou que está en marcha o proxecto. Polo resto dámonos por enterados.

A Sra. Ortega Martínez di xa o dixen na Comisión de asuntos plenarios que agradezo á Deputación que incluira nas bases este punto de informar ó pleno. O ano pasado non se informou. Supoño que virá tamén a liña 1, que falta aquí. Supoño que virá ó pleno en outro momento.

O Sr. Alcalde contesta que sí, que virán todas as subvencións que corresponden ó plan concellos.

A Sra. Ortega Martínez pregunta ¿as visitas onde están previstas?

O Sr. Crespo Gonzalez di que na Praza do Reló.

A Sra. Ortega Martínez continúa dicindo que en relación á liña de gasto corrente fala da festa do monte, e a festa do monte está organizada por unha comisión, entón eso ¿é gasto corrente ou é unha subvención? Gustaríame que se comentase, ao mellor non neste momento, por parte da Intervención. Pode ser noutro momento.

O Sr. Alcalde di que en pos da transparencia está ben que se dea conta ó Pleno. Tamén me gustaría que a Xunta fixera o mesmo e así llo transmitimos tamén a eles.

A Corporación queda enterada.

PUNTO 6.- ADHESIÓN DO CONCELLO DA GUARDA Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposición data 18.05.2017, ditaminada pola Comisión de Asuntos Plenarios de 23.05.2017, que literalmente di:

"PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme a redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostentabilidade da Administración Local, así como en os artigos 203 e seguintes do Texto Refundido de a Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.
O Concello da Guarda está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 205 do referido Texto refundido e sendo de interese para esta Entidade a utilización de a Central de Contratación da FEMP, Propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

CONCELLO
DA GUARDA

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou a cordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias de os mesmos.

SEGUNDO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda a a formalización de cuantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, e por iso a adhesión a os distintos acordos marco de contratación que a central de contratación da FEMP saque a licitación e sexan de interese para este Concello da Guarda."

Aberto o turno de intervención, prodúcense as seguintes:

O Sr. Alcalde explica que o Concello está preocupado porque hai servizos que están sen contrato. Coñecendo a existencia da central de contratación e, en concreto para o servizo de alumeado público, consegue determinadas vantaxes. A proposta de Paulino é que sería interesante contratar deste modo o servizo de alumeado público, e para asinar este convenio coa FEMP é necesario adherirse á central de contratación.

A Sra. Iglesias Ferreira di que este convenio lle crea unha disxuntiva. Por un lado falamos de que hai un aforro económico na publicidade e tamén con conseguir prezos máis competitivos. Pero tamén podemos estar deixando fóra a empresas galegas, tipo R ou empresas galegas que podan quedar fóra do que se faga a través da FEMP. O que me preocupa é o criterio que vai ter con Concello para botar man deste modo de contratación.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que podemos estar cando queiramos e cando non, nos vamos. Ou podemos non facer caso á oferta que nos mandan, que foi o que me aclarou Miguel o outro día.

O Sr. Lomba Alonso di xa fixemos alusión á pouca información que ven no expediente. Nós temén fixemos as nosas averiguacións e temos a mesma preocupación que a concelleira non adscrita, que a contratación se faga dende Madrid. Imos votar en contra, tamén polas formas.

A Sra. Ortega Martínez di que non van a apoiar a proposta por falta de información e tamén porque a contratación se faga dende Madrid.

O Sr. Rodríguez González di que as empresas galegas teñen as mesmas posibilidades de participar que outras. A FEMP elixe a oferta máis ventaxosa. Non se vai a baixar máis o prezo. A parte de ter un respaldo máis técnico e máis xurídico, non vai a haber ofertas máis á baixa. Poden vostedes votar en contra, cada un é libre. Pero ademáis con esta ferramenta non estamos obrigados. Non cabe dicir que as empresas galegas non puideron participar. As empresar galegas non nos van facer mellor prezo que lle fixeron á FEMP. E si hai outras empresas máis beneficiosas, pois se licita con elas.

O Sr. Español Otero di un apunte político, máis que técnico. Será outro motivo, pero non o feito de adherirse á FEMP, que é o órgano que nos representa a todos os concellos de España. Entendo ó BNG, pero non entendo a Conchi porque non tes idea do que votas, e si a tes, peor.

Canto peor, mellor. Con esto tes aínda menos credibilidade. Ó mellor porque está Caballero presidindo a FEMP. Esto é unha ferramenta de traballo. Non obriga a nada.

A Sra. Ortega Martínez di non te vou a contestar polas descalificacións.

O Sr. Alcalde explica que agora mesmo os contratos en vigor que ten a FEMP son catro, mediación de riscos e seguros, suministro de Gas Natural, suministro de electricidade e cobros de sancións. Por aclarar un pouco, porque ata se falou de obras.

A Sra. Iglesias Ferreira di que está dando información que non temos. Que descoñecemos. Ademáis non é certo que todas as empresas podan participar. Deberiamos deixar o punto encima da mesa. Foi unha pena que a información que se nos está dando hoxe non se nos dira antes.

O Sr. Lomba Alonso di eu pediríalle ó Sr. Alcalde que moderase o debate. Acabo de contar catro intervencións por parte do Goberno. Por outro lado, paréceme ben que o Alcalde saque o móvil e vexa a información. Pero debería haber unha información adicional no expediente. O BNG non vai a apoiar esto, entre outras cousas, polas formas.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdeG-PSOE, seis votos en contra do PP (cinco) e da concelleira non adscrita (un), e catro abstencións do BNG (tres) e de CG (un), **ACORDA**: aprobar a proposición nos termos nos que quedou transcrita.

Sendo as 9:14 horas abandona a sesión o Sr. Interventor.

MOCIÓNS

PUNTO 7.- MOCIÓN CON R.E. Nº 2.751 DE CG.-MOCIÓN SOBRE CURSOS DE FORMACIÓN EN PRIMEIROS AUXILIOS

O Sr. Rodriguez Fariñas explica que respecto a algunhas mocións, si vai a haber un compromiso de que se van a poñer en marcha, as deixo para o punto de rogos e preguntas.

O Sr. Español Otero di que xa o falaron e ese compromiso mantense.

O Sr. Rodriguez Fariñas retira a moción, pasando ó punto de rogos.

PUNTO 8.- MOCIÓN CON R.E. Nº 2.752 DE CG.- MOCIÓN CONTRA A PRECARIEDADE DOS/AS XÓVENES INVESTIGADORES

"EXPOSICION DE MOTIVOS:

CONCELLO
DA GUARDA

Dende o inicio da crise -dende 2010 a 2016- o Goberno Central reduciu a súa inversión en I+D en 2.845 millóns de euros e se perderon máis de 10.000 investigadores. O inxente esforzo para formar este capital humán foi dilapidado ou simplemente regalado aos nosos países veciños, que sí garantan a continuidade das súas institucions sistemas. Eiquí, polo contrario, parecemos incapaces de reter a unha xeneración que había acadado niveis internacionais na súa formación e experiencia profesional.

Estes recortes se levaron a cabo a pesar da elevada eficiencia do noso sistema de I+D. Os baios salarios, a elevada precariedade laboral, a escasez da financiación ou o escaso interés empresarial privado, non impidiron a nosa producción científica e tecnolóxica acadar niveis de eficiencia (productividade/euro) iguais ou superiores aos dos países do G-8.

Os recortes supuxeron unha grave descapitalización humán, loxística e de infraestructuras no noso sistema de I+D. Téñense pechado definitivamente laboratorios e infraestructuras científicas que habían costado millons de euros e que volverá a costar millóns recuperar, se algún día volven a estar disponibles.

A nosa I+D está ferida de gravedade, e se non se cambia radicalmente o rumbo, nosos investigadores seguirán abandonando o país e a investigación estará condeada a irrelevancia.

Esta situación é de especial gravedade paraos máis xóvenes, quenes soportan tasas de temporalidade e encadenamento de contratos precarios e proxectos que, en muitos casos, nin siquera poden desenrrolar no noso país, o que lles condea a un éxodo con nefastas consecuencias para a consolidación das suas carreiras e proxectos de futuro.

E absolutamente urxente revertir este panorama e situar a investigación, o desenrrolo e a innovación como unha prioridade política e social para todo o país. E e prioritario valorar a situación dos nosos xóvenes, e cómo ésta revirte na incapacidade para sair dunha crise cuias taxas de desigualdade e exclusión teñen quedado como un problema permanente.

Esta situación viuse exposta a opinión pública nas últimas semans, polo cambio nos contratos predoctorais de miles de xóvenes sin comunicación algunha e cuia resposta ten forzado o Ministerio de Emprego e Seguridade Social a comunicar que procederá a restituir o código previo (401) en lugar do 420 no que había encuadrado os contratos citados.

A temporalidade no emprego dos traballadores na ciencia, como nóutros ámbitos, non se resolverá ca rectificación de erros administrativos. O que sigue en primeiro termo é a falla de estabilidade como un problema para a consolidación da investigación como motor de desenrrolo do país.

E imprescindible un Pacto pola Ciencia que aposte polo impulso a investigación, o desenrrolo e a innovación como prioridade e non como un luxo prescindible. Ademais, seguiremos esixindo o cese dos baixos salarios, a precariedade laboral e a escasez de recursos no sector chamado a ser un pilar nún modelo económico alternativo basado no coñecemento, e recollendo unha preocupación social de primeiro orden.
Por todo elo, o Concello de A Guarda adopta os seguintes

ACORDOS:

1.- Instar o goberno a impulsa-la investigación, desenrrolo e innovación, valora-la perda de recursos humans e materiais de investigadores/as xóvenes.

2.- Instar a Xunta e Goberno Central a eliminación total dos límites da tasa de reposición de emprego público no sector de I+D, permitindo a incorporación de novos recursos humans de acordo cas necesidades reais do sistema de I+D+i

3.- Elaboración dun censo de aqueles/as mozos deste concello que se viron abrigados a marchar na busca de proxectos, contratos ou becas que lles permitan continuar as suas carreiras profesionais e académicas iniciadas en España, ca perda de recursos e o impacto negativo que ten nos séus lugares de orixen dende o punto de vista económico e social.

4.- Instar o goberno do Estado e a Xunta de Galicia a evalua-lo impacto que ten a perda de investigadores no noso país; adquirir o compromiso de dar estabilidade as carreiras investigadoras da nosa xuventude, que permitan que o potencial de transformación social que supoñen revirta nas nosas Universidades, Centros de investigación e Hospitales públicos.

5.- Instar o gobierno do Estado e a Xunta de Galicia, a toma-las medidas necesarias para combatir a precariedade, especialmente xuvenil, entendida como unha imposición dende o emprego o falla deste, falla de recursos, vivenda, oportunidades, acceso a servizos e saidas en igualdade para construir un futuro dende a sua condición de xóvenes. Poñe tódo-los medios o alcance dos concellos e Comunidades Autónomas para frear o éxodo e reverti-la precariedade.

6.- Dar traslado do seguinte Acordo o goberno do Estado e a Xunta de Galicia"

DEBATE.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que se lle preguntaba sobre un censo de xóvenes que marchan para o exterior. Creo que é bo ter esa información. Unha boa cantidade de xente que termina os seus estudos vaise para outros países europeos para ter oportunidades. É unha inversión que fai o estado e a familia e só se ve cando pasan os anos e volven, incluso xa xubilados.

A Sra. Iglesias Ferreira di que efectivamente, tal como di Celso, hai unha moción presentada e apoiada incluso por unanimidade en outros concellos de España, incluso se engadiu algunha enmenda, por exemplo unha enmenda relativa a contratos temporais, engadida no plenario de Sevilla polo grupo Cidadáns. Dada a súa vixencia e a súa problemática vou apoiar a moción.

O Sr. Lomba Alonso di que, con independencia do que se decidira en Sevilla, é moi difícil estar en contra desta moción. Nós cando a limos, o máis insustancial nos pareceu o punto 3, elaborar un censo ¿para qué? Haberá que determinar a finalidade, si non, non serve para nada. Este Concello ten un grave problema, que é a baixa de poboación. Estamos no límite de redibuxar este pleno, estamos no límite dos 10.000 habitantes.

A Sra. Ortega Martinez di que van apoiar a moción.

O Sr. Español Otero di que van apoiar a moción.

VOTACIÓN

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda **aprobar** a moción.

CONCELLO
DA GUARDA

PUNTO 9.- MOCIÓN CON R.E. Nº 2.753 DE CG.-MOCIÓN SOBRE ESPAZO RESERVADO DE TEMPO LIMITADO PARA "URXENCIAS-FARMACIAS"

Aplícase o dito para o punto 7.

O Sr. Rodriguez Fariñas retira a moción, pasando ó punto de rogos.

PUNTO 10.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2873 DE CG.-MOCIÓN SOBRE ESPACIOS PÚBLICOS COMPARTIDOS DE PERSOAS E ANIMAIS DE COMPAÑÍA

Aplícase o dito para os puntos 7 e 9.

O Sr. Rodriguez Fariñas retira a moción, pasando ó punto de rogos.

PUNTO 11.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2874 DE CG.- MOCIÓN SOBRE A POSTA EN MARCHA DUNHA CAMPAÑA DE INSPECCIÓN DO MANTEMENTO DOS SOLARES PRIVADOS E ASÍ GARANTIR SEU DEBER DE CONSERVACIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Plans Xerais e a lexislación vixente recollen o deber de conservación dos solares por parte dos séus propietarios, o que implica seu correspondente valado, un tratamento da superficie (para evitar pozos, desniveis e a invasión de herbas, silveiros, etc.) e a limpeza tamén do mesmo para facer fronte a posibles transmisións de enfermedades, cheiros.

Unha das críticas que recibimos de tódolos barrios do noso pobos é a existencia de solare abandonados que no cumplen coa conservación antes mencionada, provocando molestias innecesarias a vecinos/as: suciedade, acumulación de escombros, basura, aparición de ratas e insectos, perigro de incendios nos meses de calor ... O Departamento de Urbanísmo, ten encomendadas, entre outras funcións, as labores de policía edificatoria relacionadas co deber de conservación da edificación e dos solares.

Cada vez que preguntamos, se nos responde que no caso de solares privados, as actuacións "inicianse, normalmente, trala denuncia dun particular, ou dalgunha Area Municipal", e que unha vez feita a denuncia, abrese expediente e "ordenase por resolución administrativa a execución de medidas que subsanen as deficiencias que presente o solar". En caso de incumplimento da orden, poderase optar entre as multas coercitivas e sanción ou execución subsidiaria por parte do Concello, en cuio caso teríase que obter autorización voluntaria de entrada ou autorización xudicial. Entendemos que debe ser unha obrigación do Concello inspeccionar todo-los solares, sexan públicos ou privados, para garantir unhas condicións de limpeza, salubridade e seguridade nas rúas da nosa vila.

Polo tanto, o Concello non pode quedarse a espera da denuncia cidadán e debería ser un axente activo nesta materia. Ata donde mos sabemos, "actualmente non existe unha campaña específica de inspección de solares privados a nivel de A Guarda". Ademais, a esixencia do deber de conservación convirtese nun potente elemento para impedir a especulación e, polo tanto, para o cumplimento do deber que impón a Constitución aos poderes públicos.

Éste tipo de actuacións, convirtese nun elemento necesario e fundamental si apostamos por unha vila máis humanizada, sostible e compacta. Tampouco podemos esquecer que o Concello pode ordear de

oficio a execución das obras necesarias para conservar terrenos, construccions e edificios en condicions de seguridade, salubridade e ornato público. Ademais, estamos falando un tema de saude pública, e a protección nesta materia é unha das competencias propias que os concellos deben exercer. Polo tanto, supeditar a existencia dunha denuncia dun particular o que debe ser a labor de inspección e vixilancia da Administración e a aplicación do previsto na normativa e na lexislación, non é máis que unha deixación de funcións por parte do Concello.

Por todo elo e en virtude do exposto, presentamos o ACORDO ÚNICO: Por medio Departamento de Urbanismo poñer en marcha una campaña específica de inspección de solares privados, para garantir o deber de conservación de ditos terrenos."

DEBATE:

O Sr. Rodriguez Fariñas di que hai cantidade de vivendas nun estado no que en calquera momento se poden vir abaixo. É unha vergonza. Ademáis algunhas delas son un foco de consumo de estupefacientes. Hai que abrir expedientes ós propietarios, sexa o banco ou sexa quen sexa.

A Sra. Iglesias Ferreira di que os propios veciños e concelleiros facemos esta laboura. Nestos dez anos presentei moitos rexistros de entrada. Non sei si é o departamento de urbanismo o que o ten que facer, pero sí que é algo necesario.

O Sr. Baz Vicente di que lle sorprende que esta moción non foran das que se pactou retirar da orde do día. Porque o que se di é que hai que cumplir a lei. Eu son máis partidario de iniciar campañas de concienciación do perigo que poden supor soales sen coidar, e nestos casos que se está falando de estructuras, un día pode haber unha desgracia. Penso que esto debería estar xa facéndose. É difícil dicir que non a esto. Hai que cumprir a lei, pero, ¿qué departamento o ten que facer? ¿urbanismo? ¿ou no caso de fincas, o concelleiro? Últimamente estamos pedindo moito ó departamento de urbanismo. En todo caso deberíanse facer campañas de concienciación.

A Sra. Ortega Martinez di que si é algo que xa se está facendo, como vin no rexistro en canto ás fincas, nesta moción poderíase acordar o mesmo que nas outras.

O Sr. Español Otero di, como ben di Conchi, no rexistro de saída se pode ver o que se está facendo cos solares. Tamén se está enviando ás casas a ordenanza do lixo, que leva incluída información a este respecto. Concretamente cun propietario fíxose unha negociación, pero non se puido finalizar porque lle deu un ictus. Xa pasaron tres mocións, pero pediríache que esta tamén a pasaras a un rogo. Co compromiso de que esto se está facendo.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que ve que hai construccións que representan un perigo e cada vez que vou a urbanismo a preguntar por expedientes de ruina me din que non hai ningún. Esas construccións supoñen un perigo. Non teño problema en retirar a moción, sempre e cando se asuma o compromiso de empezar unha campaña en condicións.

O Sr. Alcalde di gracias Celso. A moción queda retirada, co compromiso do equipo de goberno.

CONCELLO
DA GUARDA

PUNTO 12.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2875 DE CG.- MOCIÓN SOBRE A CERTIFICACIÓN E EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O plantexar esta iniciativa ternos en conta que a **Certificación Enerxética dos Edificios é unha esixencia derivada da Directiva 2002/91/CE, de 16 de decembro**. También é de interés a **Directiva 2010/31/UE**, **de 19 de mayo**, relativa a la eficencia enerxética dos edificios. Ambas directivas transpoñense parcialmente o ordenamiento xurídico español a través do **Real Decreto 235/2013**, **de 5 de abril**, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación de eficencia enerxética de edificios, tanto de nova construcción, como existentes. O real decreto entrou en vigor o día 14 de abril de 2013. Este certificado, cunha validez de diez años, evalúa a eficiencia enerxética do inmoble (edificio enteiro ou parte do mesmo), tanto en térmos de consumo de enerxía como de emisions de CO2, otorgándolle unha calificación con una letra que variará da A -para os energéticamente más eficientes- ata a G -para os menos eficientes- para consumo de enerxía primaria, e outra letra para emisions de CO2. Ademais da información obxetiva sobre súas características enerxéticas, o certificado deberá incluir recomendacións paraa mellora da eficencia enerxética do inmoble. O obxetivo da medida é fomentar o aforro e a eficencia, así como que o consumidor poida valorar e comparar a repercusión do gasto en enerxía e emisións de CO2 que vai a tener a súa decisión a hora de comprar ou alugar unha vivenda. Por outro lado, e como séu propio nome indica, o citado RD 235/2013 establece o procedemento básico para a certificación de eficencia enerxética de edificios. Este procedemento será desenrrolado polo órgano competente nesta materia da Comunidad Autónoma correspondente, encargado tamén do rexistro das certificacións no séu ámbito territorial, o control externo e a inspección. No artigo 2, Ámbito de aplicación, apartado c, establecese que será de aplicación en edificios ou partes de edificios nos que unha autoridade pública ocupe unha superficie útil total superior a 250 m2 e que sexan frecuentados habitualmente polo público. O artigo 13, Obrigación de exhibi-la etiqueta de eficencia enerxética en edificios, punto 2, establece que tódo-los edificios ou partes dos mesmos ocupados polas autoridades públicas, exhibirán a etiqueta de eficencia enerxética de forma obrigatoria, en lugar destacado e ben visible. Os requisitos mínimos de eficencia enerxética dos edificios ou unidades de éste non se incluen neste real decreto, xa que se establecen o Código Técnico da Edificación, aprobado mediante o **Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo**. Desta forma, valorando e comparando a eficencia enerxética dos edificios, favorecerase a promoción de edificios de alta eficencia enerxética e as inversións en aforro de enerxía. Ademais, este real decreto contribue a informar das emisións de CO2 polo uso da enerxía proviente de fontes emisoras n sector residencial, o que facilitará a adopción de medidas para reduci-las emisións e mellora-la calificación enerxética dos edificios. A disposición adicional primeira deste real decreto establece que as certificacións de edificios pertecentes e ocupados polas Administracións públicas poderán realizarse por técnicos competentes dos seus propios servicios técnicos. Mediante outra disposición adicional anunciase a obligación requerida pola citada Directiva 2010/31/UE, consistente en que, a partir do 31 de decembro de 2020, os edificios que se construan sexan de consumo de enerxía casi nulo, nos términos que regulamentariamente se fixen no séu momento a través do Código Técnico da Edificación, plazo que no caso dos edificios públicos, se adianta dous anos. Disposición transitoria segunda. Obtención do certificado e obrigación de exhibi-la etiqueta de eficencia enerxética nos edificios de pública concurrencia. 1 Os edificios ou unidades de edificios existentes ocupados por unha autoridade pública aos que se retire o artigo 2.1.d) do Procedemento básico aprobado por este real decreto deberán obter un certificado de eficencia enerxética e terán a obligación de exhibir a súa etiqueta de eficencia enerxética a partir da data establecida na e desde o 9 de xullo de 2015 cuando a súa superficie útil total sexa superior a 250 m2, e dende o 31 de decembre de 2015, cuando súa superficie útil total sexa superior a 250 m2 e esté en réxime de arrendamento. 2. Os edificios ou unidades de edificios os que se refire o artigo 13, apartado 1, do Procedemento básico, terán obligación de exhibir a súa etiqueta de eficencia enerxética a partir da data prevista na disposición transitoria primeira. Para*

comprender o alcance real desta proposta ternos que acudir o Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación que establece: 1. O obxetivo do requisito básico «Aforro de enerxía» consiste en conseguir un uso racional da enerxía necesaria para a utilización dos edificios, reducindo a límites sostibles seu consumo e conseguir asimesmo que unha parte deste consumo proceda de fontes de enerxía renovable, como consecuencia das características de séu proxecto, construcción, uso e mantenemento. 2. Para satisfacer este obxetivo, os edificios se proxectarán, construirán, utilizarán e manterán de forma que se cumplan as esixencias básicas que se establecen nos apartados seguintes.3. O Documento Básico «DB-HE Aforro de Enerxía» especifica parámetros obxetivos e procedementos cuio cumplimento asegura a satisfacción das esixencias básicas e a superación dos niveis mínimos de calidade propios do requisito básico de aforro de enerxía. 15.1. Exigencia básica HE 1: Limitación de demanda enerxética: os edificios disporán de unha envolvente de características tales que limite adecuadamente a demanda enerxética necesaria para acadar o benestar térmico en función do clima da localidade, do uso do edificio e do régime de verán e de inverno, así como polas súas características de aillamento e inercia, permeabilidade o ar e exposición a radiación solar, reducindo o risco de aparición de humidades de condensación superficiais e intersticiais que podan perxudicar as súas características e tratando adecuadamente os pontes térmicos para limita-las perdas ou ganancias de calor e evitar problemas higrotérmicos nos mesmos. 15.2. Esixencia básica HE 2: Rendimento das instalacións térmicas: os edificios disporán de instalacions térmicas apropiadas destinadas a proporcionar o benestar térmico dos séus ocupantes. Esta esixencia desarrolase actualmente no vixente Regulamento de lnstalacións Térmicas nos Edificios, RITE, e a sú aplicación quedará definida no proxecto do edificio. 15.3. Esixencia básica HE 3: Eficencia enerxética das instalacións de iluminación: os edificios disporán de instalacions de iluminación axeitadas as necesidades dos séus usuarios e a vez eficaces enerxéticamente dispoñendo dun sistema de control que permita axustar o encendido a ocupación real da zona, así como dun sistema de regulación que optimice o aproveitamento da luz natural, nas zonas que reúnan unhas determinadas condicións. 15.4. Esixencia básica HE 4: Contribución solar mínima de auga quente sanitaria: nos edificios con previsión de demanda de agua quente sanitaria ou de climatización de piscina cuberta, nos que así establezase neste CTE, unha parte das necesidades enerxéticas térmicas derivadas desa demanda cubrirase mediante a incorporación nos mesmos de sistemas de captación, almacenamento e utilización de enerxía solar de baixa temperatura axeitada a radiación solar global do seu emplazamento e a demanda de uaga quente do edificio ou da piscina. Os valores derivados de esta esixencia básica terán a consideración de mínimos, sen perxuicio de valores que podan ser establecidos polas administracions competentes e que contribuan a sostenibilidade, atendendo as características propias da súa localización e ámbito territorial. 15.5. Esixencia básica HE 5: Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica: nos edificios que así se estableza neste CTE incorporararanse sistemas de captación e transformación de enerxía solar en enerxía eléctrica por procedementos fotovoltaicos para uso propio ou suministro a rede. Os valores derivados de esta esixencia básica terán a consideración de mínimos, sin perxuicio de valores máis estrictos que podan ser establecidos polas administracions competentes e que contribuan a sostenibilidade, atendendo as características propias da súa localización e ámbito territorial No noso concello encontramos o edificio da "Casa dos Alonso" ou a remodelación da Praza de Abastos ou do Pavillón de Solanas, dos que descoñecemos si contan ca certificación enerxética, posto que non temos visto que exhiban a etiqueta correspondiente. Pensamos que non ocurrirá o mismo cos edificios antigos. Por todo isto, creemos que deberían establecerse uns plans de actuación para que nun periodo máximo de un (1) ano todolos edificios municipais obligados a elo, conten ca calificación enerxética pertinente e exhiban a etiqueta correspondente, o que permitirá cumprir cas esixencias legais. Somos plenamente conscientes que tenemos unha importante labor por facer, sin ir más lonxe, o propio edificio de concello ten importantes deficencias que deberían ser subsanadas. Por outra parte, as administracions debemos dar exemplo cas nosas actuaciónson. O obxetivo que perseguimos con esta proposta non debe ser só dispoñer da certificación enerxética de cada uno dos edificios, senon máis ben detectar o estado dos nosos edificios dende o punto de vista da eficencia enerxética, para convertirlos mediante actuacions futuras en edificios máis eficientes, conseguiendo un menor impacto medioambiental e reduciendo os custes asociados o consumo energético que no noso caso, son moi elevados. Para evitar unha mala asignación dos recursos públicos consideramos mui importante que se analice a relación entre custe e

beneficio a hora de establecer os plans de actuación e a calificación enerxética que se persigue mediante estas actuacions. Pode ter sentido nalguns edificios públicos colocar paneis de captación solar para a Auga Quente Sanitaria (AQS); por exemplo, en instalacions deportivas donde o consumo de agua quente é importante, e pode non ser aconsellable dotar destas instalacions en edificios donde prácticamente non existe consumo de agua quente. Creemos que as principais actuacions deberían ir orientadas a mellorar a envolvente dos edificios, é decir, a disminuir as perdas térmicas e a reduci-la exposición solar excesiva nos meses de verán. En base a tódo-lo anterior, sometemos ao Pleno da Corporación para séu debate e aprobación os seguintes ACORDOS

Realizar a certificación da eficencia enerxética de cada un dos edificios municipais obligados a elo, tanto dos novos como dos antigos. Como resultado obteremos a calificación para as etiquetas de eficiencia enerxética.

Facer pública a etiqueta en lugar ben visible do edificio e publicar na páxina web o catálogo de edificios, súas características principais e a súa calificación, todo elo a medida que vaiamos obtendo a certificación enerxética de cada un dos edificios municipais

A vista dos resultados obtidos, establecer plans de actuación e realiza-los proxectos necesarios para conseguir que todo-los edificios municipais acaden unha calificación enerxética de tipo A, B o C. Con este fin, para cada edificio incluirase un informe donde se estableza a relación custe-beneficio que xustifique esa actuación. Establecese como data obxetivo para terminar estas actuacions o mes de maio de 2019, coincidindo con final do mandato municipal.

As certificacions, estudios, propostas e proxectos de actuación serán realizados polos técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello.

Denantes de finalizar o mandato actual, presentar en pleno un plan director para levar a cabo os acordos desta moción."

DEBATE

O Sr. Rodriguez Fariñas di que non se está facendo ningún tipo de control sobre se as edificacións cumpren as condicións de habitabilidade. De feito últimamente houbo cortocircuitos, conatos de incendios, e non se fai nada, porque o cura de Coiro aínda non pagou a primeira multa.

O Sr. Alcalde di pagou o propietario da edificación.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que pago o banco. Caeu para abaixo, tiveron que estar dúas veces alí os GES, houbo cincuenta mil cousas. Dende aquí se mandaba unha carta, e o tipo devolvíaa. Pois houbéramos ido á igrexa a cobrar. O que digo é que, polo menos, nas instalacións municipais, facer a inspección e cumprir coa normativa.

A Sra. Ortega Martínez abandona o salón de plenos ás 9:33 horas.

A Sra. Iglesias Ferreira di eu en principio vou apoiar a moción.

CONCELLO
DA GUARDA

O Sr. Baz Vicente di que quere facer a mesma pregunta ¿qué tería esta moción para ter un tratamento diferente ás que se retiraron?

O Sr. Castro Martínez di que van apoiar a moción.

O Sr. Alcalde di ao Sr. Rodríguez Fariñas que agora falou de edificios particulares e a moción fala de edificios municipais. Eu entendo que a moción se refire ós edificios municipais.

A Sra. Ortega Martínez reincorpórase á sesión ás 9:35 horas.

O Sr. Rodriguez Fariñas di sí, falo de edificios municipiais.

O Sr. Alcalde di que a clasificación enerxética dos edificios municipais é obriga do Concello. O departamento de urbanismo, como na anterior moción, ten orden de facer esto.

O Sr. Rodriguez Fariñas di vou falar co departamento de urbanismo.

Retírase a moción.

PUNTO 13.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2876 DE CG.- MOCIÓN SOBRE A INSTALACIÓNS DE "PUNTOS DE EXPRESIÓN CIUDADAN"

"EXPOSICION DE MOTIVOS:

Nos concellos, a libre e pública expresión subxetiva ou comercial dos veciños vese en muitas ocasions limitada polas ordenanzas que en pro da estética xeral, a limpeza viaria ou a armonía medioambiental impoñen sancións económicas a quenes coloquen carteis, octavillas, panfletos, etc, sin o consentimento expreso das autoridades municipais.

*No noso pobo, no **REGULAMENTO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO**, no séu **artigo 7**, se fala das limitacións da publicidade na vía pública, dando solución nalgúns puntos dunha maneira moi oscura, de interpretación para o equipo de goberno, como é no caso no que se expresa: **agás de eventos de interese municipal**.*

Dende CONVERXENCIA GALEGA, pensamos que o Concello, ten que ser un vehículo transmisor das demandas veciñais e facilitar, na medida do posible, espazos nos que os vecinos/as e colectivos que así o desexen poidan publicar aquelo que consideren convenente sin temor a ser multados facendo exercicio da súa liberdade de comunicación.

Actualmente os/as ciudadans/as,colocan seus cartees en escaparates, portais e noutros lugares situados no interior dos establecementos de propiedade privada, que voluntariamente ceden seú espazos a fin, pero que non terían porque ter unha carga que poderia asumir un espazo

público y municipal. Con este obxetivo referido, propoñemos a instalación dunhas estructuras denominada ***"PUNTOS DE EXPRESIÓN CIUDADAN".***

Ditas estructuras terían forma de panel rectangular o cilíndrico o igual que as que xa funcionan noutros concellos, con gran aceptación por parte do vecindario. Son unhas plataformas donde aqueles guardeses/as de forma particular o colectivos como as diferentes Asociacions do Concello que así o desexen, poidan colocar anuncios, en formato de papel, cartón ou similar, de cualquier información que consideren relevante. Os puntos estarían ubicados en zonas de alta densidade de viandantes para ofrecer a maior visibilidade posible.

Ditos paneis planos ou redondos, propoñemos que se encaixe a súa utilización no ***REGULAMENTO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO****, elaborando un protocolo de uso de estas estructuras en base a argumentos técnicos de eficencia E eficacia dos recursos para asegurar o bó funcionamento e mantenemento das mesmas, que formarían parte do patrimonio municipal, no que se regule seu uso exclusivo por parte dos vecinos/as e colectivos, evitando súa utilización con fins comerciais por parte de empresas dedicadas a publicidade ou outros negocios*

Dado que o custe para levar a cabo esta actuación sería baixo e que formaría parte do mobiliario urban como un elemento máis, como os que se instalan e repoñen habitualmente, consideramos factible a utilización dalgunha das actuais partidas presupuestarias para a súa posta en funcionamento.

En resumen, dende CONVERXENCIA GALEGA, creemos que a iniciativa contribuirá a construir un espaoz mui reclamado polos ciudadans e asociacions sendo un elemento integrador dos diferentes núcleos poboacionais alonxados dentro do casco urbán do Concello, como son os barrios e urbanizacións periféricas, en que o lexítimo exercicio da libre comunicación sexa visible desarrolándose dende espazos públicos e dentro do respeto dos valores do paisaxe urbán, do medioambente, do patrimonio e en suma, do cumplimento do ***REGULAMENTO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO.***

Por todo o anterior, vimos a proponer ao Pleno para o séu debate e aprobación si procecde, a adopción dos seguintes acordos:

a).-Instalación de "PUNTOS DE EXPRESIÓN CIUDADANA" en lugares de alto movemento de viandantes.

b).-Elaboración dun protocolo de uso dos "PUNTOS DE EXPRESIÓN CIUDADANA" e séu mantenemento, incluindo artigos que eviten séu uso deforma comercial.

c).- Modificación da ***REGULAMENTO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO****, incluíndo o protocolo de uso de "PUNTOS DE EXPRESIÓN CIUDADANA"*

CONCELLO
DA GUARDA

DEBATE

O Sr. Rodriguez Fariñas di que o regulamento de lixo ten varias eivas e creo que vaise ter que modificar. Creo que un dos apartados debería incluir isto, non solo durante a campaña electoral, que é o único que contempla, sinón ó longo do ano, dado que os medios de comunicación se convertiron agora nos boletíns municipais e solamente poñen as festas populares ou o levantamento dunha pedra que fan os concellos e para nada reflexan o que di a oposición. Lóxicamente, a oposición non lles paga. Os concellos, as deputacións e os gobernos son os que pagan e por eso téñenos domesticados. Por iso pensamos que é necesario que haxa un sitio para expresarse as asociacións, e en xeral para expoñer a información dos grupos, sexan políticos ou cidadáns.

A Sra. Iglesias Ferreira di vou apoaiar a moción.

O Sr. Baz Vicente pregunta qué diferencia hai entre espazos de expresión cidadá e espazos de expresión social. Xa que o concelleiro de CG deu por bo que non aprobara unha achega que o BNG fixera para introducir no regulamento do lixo para que o concello establecera puntos nos que se exercite a información de carácter social. Estamos encantados de votarche a favor, vendo que agora tes en conta o que dixo o BNG.

A Sra. Ortega Martínez di que o Partido Popular vai a apoiala.

O Sr. Español Otero di que máis ben sería un punto sucio que un punto de expresión. Non o vemos, non temos exemplos, pero nos gustaría, porque todo na vida é interpretable e modificable, si ó chegar o momento vemos que hai algo noutros sitios donde esto se esté producindo. Porque sí coñecemos que hai cuadros onde se pon dende unha esquela ata unha notificación por exemplo dun anuncio de interese xeral. Agora, estes puntos de expresión ou de manifestación, como lle queirades chamar, cidadá, non os acabamos de ver.

O Sr. Rodriguez Fariñas di eu a política sempre a tomei en serio. Non teño inconveniente en que sexa unha moción conxunta de todos os grupos que a vaian a apoiar. Recordar tamén que eu dixen que iba aprobar o regulamento para poder ter un instrumento e logo poder facer reclamacións e creo que esta é a terceira observación que fago á ordenanza.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por dez votos a favor do PP (cinco), do BNG (tres), de CG (un) e da concelleira non adscrita (un), e sete votos en contra do PSdeG-PSOE, **ACORDA**: aprobar a moción nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 14.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2877 DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA.-MOCIÓN PARA QUE O GRUPO DE GOBERNO RETOME CONTACTOS COS PROPIETARIOS DA FINCA FÍNOLA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"A alameda da Guarda é un dos lugares de esparcemento e lecer que máis frecuentan e onde máis se concentran as familias con nenos na nosa vila, tanto durante as fins de semana como a diario, durante todos os meses do ano. Tamén é o lugar onde celebramos os guardeses a nosa festa declarada de Interese Turístico de Galicia, centro de actividades sociais e culturais, lúdicas, solidarias, musicales e deportivas. Está urbanisticamente ben situada, e conta con accesos dende diversas rúas como a rúa Galicia, Transversal Troncoso, Rosalía de Castro, e confluen moi preto a rúa Coruña, a rúa Brasil ou Baiona.

A alameda ten pasado por diversos momentos e cambios na sua fisionomía, na pavimentación, no uso de diferentes materiais constructivos, incluso na sua vexetación e nos elementos decorativos e mobiliario urbán e lúdico, pero o que apenas si evolucionou ou se modificou foi o seu tamaño e está máis que demostrada a necesidade que temos de ampliar e mellorar algunhas zonas de esparcimento e de xogos, e é a alameda un destes lugares que queda pequeno para esas familias e nenas que a diario disfrutan do seu tempo libre no centro neurálxico da Guarda.

Somos coñecedores do interés que o grupo de goberno ten por chegar a levar a cabo e facer realidade este proxecto de ampliación de este espacio para uso e disfrute de todos, polo que traemos esta iniciativa para propoñer a este plenario:

1º Que o Equipo de Goberno do concello de A Guarda retomen os contactos cos actuais propietarios da Finca de Fínola, colindante ca alameda da Guarda a través da rúa Rosalía de Castro, para coñecer e negociar o coste da mesma.

2º Que o Equipo de Goberno, xunto cos técnicos municipais pertinentes valoren a posibilidade e capacidade económica e de endeudamento de que dispón o concello de A Guarda para poder mercala para levar a cabo o proxecto de ampliación da alameda."

DEBATE:

O Sr. Rodriguez Fariñas di paréceme interesante, ainda que hai varios hándicaps. Xa sei que alguén me vai falar dunha pasarela, pero creo que as alamedas son para que sexan o máis llanas posibles e polo tanto aí habería que facer un desmonte. Entendo que é unha necesidade que a alameda sexa máis grande, ou máis pequenas as orquestas, pero sí hai moitas carencias a nivel local donde levar a zona de esparcimento. Vou apoiala, pero me crea moitas dúbidas cómo se pode facer realidade a proposta.

O Sr. Lomba Alonso di que é verdade que vai haber que levar as orquestas ó extrarradio. Sí é certo que nos xurdiu esa dúbida, de que en caso de que isto se chegase a materializar, cómo iba afectar ó plan. Tal como está redactada imos apoiala, porque é "retomar os contactos", e cando se chegue a unhas conclusións imaxino que pola contía tería que vir a pleno e o BNG vai a querer que o proxecto se axuste ó modelo de mobilidade.

A Sra. Ortega Martinez di que o grupo popular trouxo en xullo de 2016 unha moción que tamén falaba desto e si non a apoiáramos nos contradiríamos. Seguimos pensando igual e todo o que sexa positivo o vamos a votar a favor.

O Sr. Español Otero di que van a votar a favor de retomar as conversas para o día de mañá contar coa parcela para o concello. Haberá que analizar si o concello no seu momento conta cos

recursos. A pesar de que o Concello rebaixou a débeda, hai unha serie de limitacións. Deberá comprobarse que o precio sexa asumible e outros debates sobre qué usos se lle dá a esa parcela.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos concelleiros presentes, **ACORDA** aprobar a moción nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 15.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2944 DO BNG.- MOCIÓN PARA DEMANDAR UN SERVIZO EFICIENTE E INMEDIATO PARA O ACCESO DAS PERSOAS SOLICITANTES NAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE

"Exposición de motivos

O fenómeno do envellecemento está a orixinar un cambio social sen precedentes, cuxas dimensións e envergadura están lonxe de ser asumidas. Este fenómeno afecta á evolución da propia sociedade.

Moitos maiores necesitan acudir a unha residencia, ben porque non teñen familia e xa non poden ou non queren vivir sos, ben porque a súa familia non pode ocuparse deles, ou na maioría dos casos porque sofren patoloxías que necesitan unha atención profesional.

Mentres a súas condicións de saúde son relativamente boas, hai opcións como a atención a domicilio, ou a teleasistencia que consiste nun dispositivo de alerta que, con tan só premer un botón, deriva a súa chamada a unha central que envía axuda en caso necesario.

Agora ben, cando o maior precisa atención continuada a causa complícase, un contrato dunha persoa interna supón un gran gasto. Os gastos de Residencia privada resultan ser inasumibeis, dadas as pensións que teñen en Galiza os nosos maiores, unhas das máis baixas do Estado Español; o número de prazas concertadas pola Xunta son case nulos, tendo en conta o número de persoas solicitantes que está á espera de que lle concedan unha praza.

Os servizos sociais que ofrecen as administracións non foron capaces de medrar ao mesmo tempo que as necesidades que xera o envellecemento da poboación; así, moitos maiores e moitas familias vense abrigados a facer moitos números para que os avós ou avoas poidan recibir os coidados adecuados no derradeiro tramo da súa vida.

O progresivo deterioro cognitivo e funcional da persoa maior dependente, causa un grave impacto na contorna familiar, pero principalmente no coidador ou coidadora. O incremento desta poboación con perdas de capacidade física ou psíquica e caer nun estado de dependencia, coincide coa necesidade dun aumento da oferta de servizos.

Hai moitos galegas e galegas que esperan unha praza pública nas residencias de maiores; aínda que o número de prazas creceu lixeiramente, non se fixo o suficiente como para satisfacer a demanda. Para solicitar praza pública, acódese primeiro aos servizos socias, que

fan a solicitude de grao de dependencia, hai que esperar a chamada a domicilio, iso supón unha espera de meses e unha vez fagan a valoración, esperar por outra carta de recoñecemento infinidade de tempo tamén, e logo solicitar residencia, a historia interminable. Mentres tanto os coidadores ou coidadoras se saturan, enferman e ademais produto da extenuación, non lle proporcionan aos anciáns ou anciás os coidados de xeito adecuado.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

1- Instar á Xunta de Galiza á creación das prazas públicas necesarias e que se solucionen as que están solicitadas neste momento na zona do Baixo Miño, que ata o de agora son insuficientes.

2- Instar á Xunta de Galiza a que axilice o proceso de entradas nas residencias, valoración de grao de incapacidade e resolución, proceso practicamente paralizado, que non pase máis dun mes desde a solicitude.

3- Instar á Xunta de Galiza a que respecte a zona de onde procede a persoa, non trasladalos lonxe, que os nosos anciáns e anciás estean preto da súa contorna na súa derradeira etapa da vida.

4- Que se teñan en conta os casos nos que só existe un coidador ou coidadora dentro das prioridades , en moitos casos as persoas estanse descoidando e malvivindo para poder coidar aos seus maiores, imposibilitándose a conciliación co traballo."

DEBATE

A Sra. Martínez Vázquez di que recorreros as residencias. Estivemos en Camposancos, 150 plazas, 105 concertadas pola Xunta e as demáis privadas, e todas están ocupadas. Fixemos un percorrido e estamos ben informados.

A Sra. Iglesias Ferreira di que é difícil non apoiar a moción. É un problema social que, desgraciadamente, nos toca ou pode tocar. Sí que están tardado as valoracións e os coidadores están tendo moi difícil a conciliación do traballo, e incluso da familia, co coidado destas persoas.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que é unha realidade que a maioría de nós témola vivido e a verdade é que a maioría da xente queda tocada despois de estar durante unha temporada larga coidando a unha persoa que se vai deteriorando e non ten os recursos, nin as axudas, nin a preparación que necesitas. Eu vou apoiar a moción e creo que debera ser unha obriga de todos nós respaldar esta situación e requirir á administración que nos den solucións a este tipo de temas.

A Sra. Ortega Martinez di nós, evidentemente, tamén vamos apoiar esta moción. É unha preocupación do BNG, pero tamén é unha preocupación do Partido Popular. Agora a Xunta acaba de anunciar máis de 47 millóns de euros para residencias, das cales unha vai a ser en Vigo. Van ser 150 prazas, pero dende logo non é o Baixo Miño, é Vigo. E tamén é verdade que hai un retraso na valoración da discapacidade, polo cal se acaba de reforzar o servizo. A mesma

preocupación que poida ter o BNG a ten o Partido Popular e, por suposto, vai apoiar esta moción.

A Sra. Vicente Baz di nós tamén vamos apoiar a moción. Vemos en Servizos sociais a cantidade de solicitudes á semana que se están presentando e están tardando máis de 6 meses en valorar. Aportarán e ampliarán os equipos pero as demandas se ampliaron e hai cantidade de xente sen valorar.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**: aprobar a moción nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 16.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2945 DO PP.- MOCIÓN PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO MELLORAR O SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO, E A LIMPAR, ARRANXAR E/OU SUBSTITUÍR OS CONTEDORES

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor do novo regulamento do lixo está en plena fase de implantación na nosa vila.

A cidadanía quéixase das sancións ás que están expostos no caso de incumprimento da ordenanza mais do horario. O concello xa comunicou aos guardeses cales son as súas abrigas mediante a distribución do texto do regulamento, así coma do uso dos contedores, poñendo adhesivos nalgúns deles.

Entendemos que educar á veciñanza e inculcar o concepto de reciclaxe é un labor que leva o seu tempo, e, desgraciadamente, como pasa co tráfico na seguridade vial, a fórmula da multa é a que resulta máis sinxela de aplicar.

Nós pensamos que en vez de castigar aos veciños con sancións, sería máis eficaz aplicar unha política de educación e concienciación sobre a importancia do reciclaxe, e fomentar a colaboración cidadá neste asunto do lixo.

Pero a queixa que máis se escoita, dentro de moitas, é a do estado lamentable dunha importante porcentaxe de contedores. "O concello ameaza con sancións, pero eles nin limpan nin arranxan os contedores", escóitase dicir na rúa.

O Partido Popular de A Guarda, entre outras razóns, votara en contra do actual regulamento do lixo precisamente porque (como xa o manifestamos no seu momento), só se fala das abrigas do cidadán, pero non das do concello. E unha desas abrigas ten que ser manter os contedores en perfecto estado. Os guardeses non queremos que este verán se repita o espectáculo de tódolos anos nas nosas rúas: contedores noxentos cheos a rebosar e emitindo cheiro desagradable.

Como queren obrigar a respectar os horarios de depositar o lixo, se vostedes responsables municipais non se abrigan a manter os contedores en bo estado de conservación e limpeza.

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN, SI PROCEDE, A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o equipo de goberno poña en marcha as seguintes medidas para mellorar o servizo de limpeza e manter en bo estado os contedores de lixo:

1ª) Limpar os contedores coa periodicidade que esixa cada época do ano.2ª) Reparar os elementos de retención, tapas e bisagras.

3ª) Substituír as tapas ou elementos deteriorados ando non sexa posible a súa reparación.

4ª) Chegado o caso, substituír os contedores esnaquizados por uns novos.

5ª) Na época estival, reforzar o servizo aumentando o número de contedores naquelas zonas onde sexa necesario.

6ª) Implantar un servizo de recollida especial os sábados e vésperas de festivos."

DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di que é unha moción populista. Xa falamos deste tema neste pleno. A limpeza dos contedores foi unha discusión que tivemos moitas veces neste plenario. A colocación de elementos de retención foi un rogo que xa fixen, incluso no pleno pasado, e últimamente algo se está facendo. Pero hai unha frase que entra en contradicción e non debería vir dentro dunha moción: "*como queren obrigar a respetar os horarios de depositar o lixo*". Hai un regulamento, e o regulamento hai que respetalo. Tamén en relación co párrafo anterior, non estou xustificando nada, pero eu penso que o regulamento o que pretende é que durante a noite e ó longo da tarde non se bote lixo para evitar ese cheiro durante todo o día. O punto 6 tampouco é banal, implica unha serie de custos que habería que valorar. Eu, de feito, propoño que sí se faga. Hai cousas na moción coas que estou de acordo, pero tamén hai cousas que penso que o regulamento pode solucionalas, e tamén teño que recoñecer que estas últimas semanas se está traballando nese tema.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que hai puntos no regulamento que poderían revisarse. O regulamento é necesario pero, a parte, podemos facer unha referencia a cómo está o servizo. Sexa quen sexa o goberno se necesita un regulamento, pero sí é certo que hai sitios con contenedores mal repartidos, noutros sitios hai poucos e se enchen. ¿A día de hoxe hai algunha sanción?

O Sr. Rodríguez González di que sí se ten apercibido xente. Non se multou. Fíxose un apercibimento e si non cumplen se multará.

O Sr. Rodríguez Fariñas di na moción en conxunto voume a abster, pero si se vota en bloques, hai algunhas partes ás que podo apoiar.

O Sr. Baz Vicente di que esta é outra das achegas do BNG no seu día. Que na ordenanza se afondara máis no tema de horarios, fins de semana, épocas estivais…. Quero dicir a Fany, cando fala dos costes, o BNG xa o dixo. O que temos claro é que hai que ter un modelo. Ó mellor o Concello non podería asumir agora os custos, pero igual habería que contemplalos nos orzamentos. Para nós, todo o que sexa ter unha ordenanza mellor, vamos a estar de acordo.

O Sr. Rodríguez González di que o PP non acertou. Fany di que ela sae e mira. ¿vos non mirades? Se limpan os contenedores na época estival todos os meses, ademáis das veces que puntualmente se necesita e ademáis das limpezas normais. Ós do lixo lles dicimos que cando ven unha deficiencia no-lo trasladen.

O Sr. Alonso Álvarez di na miña calle hai dous contenedores sen tapa.

O Sr. Rodríguez González di sí, os estamos reparando. O fin de semana se está traballando, os festivos se traballa, o día de Santa Rita, que foi festivo para o concello, traballaron. O día de Navidad traballaron. En canto ós cheiros desagradables, fóra das periodicidades que temos, cando se detectan se mandan operarios. En canto ó estudo de costes, Carlos Pérez, o técnico de Diputación fala de 180 € por vivenda para ser efectivos. Non queremos o voso modelo.

O Sr. Rodríguez González refírese ó modelo do Partido Popular e amosa dúas fotografías de contedores.

O Sr. Castro Martínez pregunta ¿de qué ano é isto?

O Sr. Rodríguez González di que do 2007. Estades cegos.

A Sra. Ortega Martínez di ¿e os veciños, están cegos? Eles son os que nos veñen a pedir estas cousas.

O Sr. Rodríguez González di – referíndose ás fotografías amosadas- á xente lle dábamos a benvida con este montón de lixo.

A Sra. Ortega Martínez di que si estaba mal, segue estando mal.

O Sr. Rodríguez González di temos un referente.

A Sra. Ortega Martínez di todas as mocións que trouxemos, salvo unha, son demandas dos cidadáns que veñen a nós a dicir que viñeron a falar co Alcalde e que non lles fixo caso.

O Sr. Alcalde di non digas que ven moita xente que di que o alcalde non lle fixo caso. Dime, aínda que non neste foro, unha soa persoa que diga eso, porque é mentira.

O Sr. Alonso Álvarez di acepta as críticas Paulino. Tómalo como algo persoal. Esto é para mellorar.

O Sr. Alcalde di que llo pediría a todos. Que aceptáramos as críticas.

A Sra. Ortega Martínez di eu teño que aceptar ata descalificacións do PSOE.

Acórdase votar a moción por puntos.

VOTACIÓN

O Concello Pleno, en votación ordinaria sobre os puntos 1, 2 e 3 da moción, por oito votos a favor do PP (cinco) e do BNG (tres), sete votos en contra do PSdG-PSOE e dúas abstencións da concelleira non adscrita (un), e CG (un), **ACORDA**: aprobar os puntos 1, 2 e 3 da moción.

O Concello Pleno, en votación ordinaria sobre os puntos 4, 5 e 6 da moción, por dez votos a favor do PP (cinco), do BNG (tres), da concelleira non adscrita (un) e de CG (un), sete votos en contra do PSdG-PSOE **ACORDA**: aprobar os puntos 4, 5 e 6 da moción.

PUNTO 17.- MOCIÓN CON R.E. Nº RC-2986 DE B.N.G.-MOCIÓN RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administración públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 estabelece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar -como acontece agora na maioría de entidades locais- un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exixencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.

A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inxustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar,

xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto.

Polo anteriormente dito, o grupo municipal do BNG, pide ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

1. Instar ao Goberno do Estado a derrogar o artigo 32·1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017."

DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di que a intención do que di a moción é desexable. Mellorar os servizos á cidadanía é o desexable, pero tamén hai que ter en conta que o concello teña unhas contas saneadas, as operacións ó día e amortizar os créditos tamén é fundamental. O art. 32 foi modificado no ano 2014, unha modificación que aquí non contemplas que dá a posibilidade de inversión, cunhas condicións difíciles de cumplir a día de hoxe polo déficit que temos, pero sí que é o desexable. Ai unha serie de superávit que hai que aplicalo para cubrir as obrigas pendentes, que é o que fixemos aquí fai pouco tempo, fai dous meses. Penso que é un esforzo que se está pedindo para sair adiante neste tema. Máis alá do debate xurídico, se está a discutir unha lei. O axuste do déficit público o que fai é que teñamos este tipo de limitacións.

O Sr. Rodríguez Fariñas di que neste país se castiga ós máis débiles, e pagan polo que fan os máis fortes. Igual habería que modificar, non a lei, senón a xustiza e que fixera que a cantidade de xente que levaron algo que o devolvan. Paréceme ben que se fale de macroeconomía, pero que as consecuencias as teñan que pagar os veciños, non. Vou a votar a favor.

A Sra. Ortega Martínez di vámonos abster por coherencia, porque cando hai mocións que sobrepasan ó pleno abstémonos. O 09.05.2017 o presidente da FEMP chegou a un acordo para reinvertir o superávit dos concellos. Votárono eles que son os competentes. Estamos de acordo co fondo, pero coa forma non polo dito, por iso nos abstemos.

A Sra. Magallanes Álvarez di que Montoro esteblece á hora de elaborar os orzamentos un teito de gasto. Establécense tamén uns condicionantes, non ter débeda, pagar en plazo….. A imposibilidade de reinvertir o remanente non está facendo ningún favor ós veciños. Polo esforzo que están facendo os veciños ó cumplir os condicionantes para reinvertir o remanente de tesouraría, que ó final, é crear riqueza. Si hai remanente de tesouraría positivo e se cumplen as condicións, a reinversión do remanente de tesouraría non pode considerarse máis que positivo.

O Sr. Lomba Alonso di que, por un lado, a primeira obriga do Alcalde e do grupo de goberno é cos veciños e veciñas, non mellorar a banca. E por outra parte, xa se expón na exposición de motivos, que boa parte da consecuencia desta lei non é imputable ós concellos, que son quen o están pagando. É certo que non é unha competencia dos concellos, pero a nosa obriga é velar polos intereses dos veciños e de ahí a proposta de "*instar*". Este Concello, igual que outros, está facendo funcións que non son competencia do Concello, pero como ás administracións competentes non lles da a gana de facelo, téñeno que facer os concellos.

VOTACIÓN

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por once votos a favor do PSdeG-PSOE (sete), do BNG (tres) e de CG (un), e seis abstencións, do PP (cinco) e da concelleira non adscrita (un), **ACORDA**: aprobar a moción.

PUNTO 18.- MOCIÓN CONXUNTA DA COMISIÓN DE ASUNTOS PLENARIOS PARA A RECLAMACIÓN DO CUNCO MILLEFIORI PARA O MASAT

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"O 15 de maio de 2017 D. Ricardo Rodríguez Vicente dirixe un escrito ao concello con RC-2809 no que pide a redacción dunha proposta conxunta dos grupos políticos con representación no concello da Guarda para solicitar o retorno ao MASAT do cunco millefiori atopado nas escavacións do monte Santa Trega.

En distintos momentos practicamente tódolos grupos con representación no pleno manifestaron o seu desexo de que esta peza, de gran valor arqueolóxico, retornara ao monte Trega para ser exposta no noso museo. Mesmo dende o equipo de goberno se solicitou por escrito e mediante conversas a devolución desta peza sen que a resposta dos responsables da Xunta e do museo de Pontevedra fora favorable.

Este ano temos un argumento máis para insistir na solicitude do retorno desta peza dado que se celebra o centenario do Museo Arqueolóxico do Monte Santa Trega.

Tendo en conta os argumentos que se presentan no escrito de Ricardo Rodríguez Vicente a comisión de asuntos plenarios propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

solicitar á consellería de Cultura da Xunta de Galicia que faga as xestións oportunas para que a peza coñecida como cunco millefiori, recuperada nas escavacións arqueolóxicas do monte Santa Trega, que actualmente se atopa no museo de Pontevedra, volva ao lugar onde foi descuberta e pase a formar parte da exposición permanente do MASAT."

DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di alégrome da proposta, compártoa e vouna apoiar.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que non debemos quedarnos no texto, sinón seguir avanzando e facer memoria dos casos de Baiona e Tui que conseguiron fai ano e pico que conseguiron que boa parte do material que no seu momento Filgueira Valverde había levado da catedral nun lado e da colegiata no outro, que se había levado para Pontevedra, conseguiron que llo devolveran. Felicitar a Ricardo e a nós mesmos por ter asumido a proposición que fixo.

A Sra. Ortega Martínez di que van apoiar a moción e agradecer a Ricardo a proposta.

VOTACIÓN

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** aprobar a moción.

PUNTO 19.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas da sra. Iglesias Ferreira

1.- Os Bechos está sin luz neste momento.

O Sr. Español Otero di que andivo Juan arreglando as farolas, debeulle quedar algunha atrás.

2.- En Maior Álvarez e diante da cafetería Enigma as plaquetas se moven e están levantadas.

O Sr. Español Otero di que hai unha empresa arranxándoas e para o luns se vai arranxar.

3.- A algunha zona de Salcidos non chegou a campaña do lixo.

O Sr. Alcalde di teremos que reclarmar ó repartidor. Temos 200 folletos para estes casos.

4.- Estamos contentos co que pode pasar este fin de semana co deporte guardés, pero os cristais do vestiario do campo de fútbol están sin reparar.

O Sr. Español Otero di que se deron instruccións.

5- Penso que xa se está traballando coa publicidade da festa da Langosta, pero eu polo menos, non a mirei, e queda un mes e nada. Penso que hai festas que requiren un certo tempo de publicidade.

6.- O centro cultural necesita un lavado de cara.

A Sra. Acevedo Rolán di que se lavará con karcher e tamén se dará pintura.

7.- Un rogo a Xavi por aquela moción que trouxen e que saíu aprobada por unanimidade pola solicitude do bacherelato para A Sangriña. Tiven o portunidade de falar co director da Sangriña e díxome que Xavi xa tiña algo de información e houbo unha solicitude, e gustaríame que os demáis concelleiros, que votaron tamén a favor, que superan que se están facendo cousas.

O Sr. Crespo González di que esta moción foi aprobada recentemente polo claustro de profesores e polo consello escolar, de maneira que a petición está ahí para que a resolva a Xunta.

8.- Nun tramo da rúa Brasil hacia arriba hai queixas das nais porque non poden pasar cos carros e cos nenos pola maleza.

8.- Unha persoa a través do Facebook solicita a reparación da fonte do paseo frente ó parque no Cangrexal.

O Sr. Español Otero di que se reparou e ós tres días estaba igual.

9.- Solicito que se me deixe ver cáles son as actuación da empresa de control de pragas.

O Sr. Español Otero di temos un certificado de cada actuación que fan. Se che pasará copia.

Rogos e preguntas do Sr. Rodríguez Fariñas

1. O asesor xurídico do Alcalde dixo que era obligatorio por lei poñer o papel das previas nas obras menores. Hoxe creo que se están facendo sin ningún tipo de control e moitas delas creo que hasta carecen de licencia.
2. Nos Bechos fan falta contenedores, porque os que hai se enchen.
3. Habería que darlle por escrito ordenes ás empresas que veñen a recoller o vidrio e o papel porque queda máis fóra que dentro. Tamén respecto dos horarios, das retencións de tráfico que provocan e os porrazos que lles dan ós contenedores.
4. Estase colocando un cartel de fútbol infantil do Torneo Virxen do Carme e di que a comisión non se fai cargo dos roubos. Si están advertindo ós equipos que teñan coidado cos roubos, deberían tomarse algún tipo de medidas para evitalos. Porque esto ó que vai levar e que pasado mañán deixe de haber torneo ante o temor de que estean roubando cousas alí. Xa sei que son problemas de críos, pero algo hai que facer.
5. O centro cultural necesita unha intervención completa e inmediata. Hai asentos rotos, cables tirados, o parque dos críos…. É unha vergonza cómo está todo ao rededor do edificio e o centro cultural. Paréceme ben que se vaia a limpar e a pintar, pero hai moito máis que facer.
6. Fai tempo presentamos un escrito sobre unha vivenda en Camposancos que amenaza ruina ou é unha ruina o que hai alí. Non sabemos si se está facendo algo.

O Sr. Alcalde di que hai aberto un expediente para declarar a ruina.

7. Respecto ó concerto que se celebrou no camping de Santa Tecla, saber si tiña permisos.

   O Sr. Español Otero di que a información que pediu o Seprona se lle facilitou, porque hai unha denuncia e urbanismo mandoulles a documentación.

8. Fai un par de plenos debatimos unha moción do PSOE para incrementar persoal para a tramitación de documentos. A Administración vai lenta e logo veñen as vacacións. Pedíuselle ó aparellador un informe para facer unhas obras no monte, e non está feito e van a chegar as vacacións e as obras van quedar sin facer.
9. É obligatorio ter un libro rexistro de planeamento urbanístico. Pídolle Sr. Alcalde que se cumpla coa lei e se lle obligue a urbanismo a ter un rexistro.
10. No tema de responsabilidade patrimonial, parece que se deu orden a Crespo de empezar a preparar os que hai dende o ano 2015. No ano 2015 non se lle pagou a nadie. No ano 2016 non se lle pagou a nadie. Hai como 30 expedientes. No ano 2016 non hai nada feito. E no ano 2017 xa temos casi tantos como no ano 2015. Ademáis non debera dicirlle fai todos, sinon mirar os que estean máis claro que a responsabilidade é do Concello, e procederse a pagar a esta xente dunha vez.
11. Espero que algunha vez se arreglen as pistas de skate do paseo de Mazaracos.
12. O tema das mocións que quedaron sobre a mesa, que se convirtan en rogo e que haia un compromiso por parte do goberno para poñelas en marcha.

ROGO SOBRE CURSOS DE FORMACIÓN EN PRIMEIROS AUXILIOS

"A Organización Mundial da Saude (OMS) define accidente como un suceso xeralmente preventible que provoca ou pode provocar unha lesión.

Os primeiros auxilios refierense a asistencia ou tratamento inmediato que se presta a alquen ferido ou repentinamente enfermo, antes da cheqada dunha ambulancia u outra persoa adecuadamente cualificada para conserva-la vida e evitar o aqravamento do estado da víctima. Son métodos seguros e simples de salvar vidas nunha situación de emerxencia.

As emerxencias poden ocurrir en cualquer momento, en cualquer lugar e afectar a cualquer persoa. As persoas máis próximas son quenes deben actuar primeiro. En emerxencias, persoas como cualquera de nos, salvan o 90% de vidas. Todos podemos ser "héroes" aprendendo primeiros auxilios e prestándollos cheqado o momento, así como asegurando que a capacitación en primeiros auxilios sexa accesible para todos.

Cada año, millons de persoas se ven afectadas o morren por falta de coñecimentos sobre cómo responder diante dunha emerxencia. Os primeiros auxilios brindan unha resposta rápida e inicial para protexer as persoas e minimizar o impacto as complicacions que se pudiera xenerar cuando non se recibe asistencia oportuna.

Los cursos de formación e os servicios de primeiros auxilios son unha das principais actividades pola necesidade que ten sido identificada na atención inicial das emerxencias e nos procesos de reducción do risco.

As Administracions debemos promocionar o desenrrolo dos coñecimentos e as competencias con relación os primeiros auxilios, diseñando estratexias para que estén o alcance de TODOS/AS, especialmente das comunidades máis vulnerables, enfatizando na formación de primeiros respondentes e garantir que os servizos comunitarios teñan unha resposta con calidad.

Por todo o cal, e polo que CONVERXENCIA GALEGA, propón ao Pleno para o séu debate e aprobación se procede dos sequintes ACORDOS

PRIMERO- Desenrrolar unha Campaña para que, con todo-los recursos posibles o noso alcance, se imparta a toda a poboación interesada formación en primeiros auxilios, co fin de estar adecuadamente informados no suposto de que se produza un accidente no noso en entorno.

Facemos fincapé en que esta Campaña comence polo ofrecimento dos mesmos a todo-los establecementos de hostelería e Centros Educativos, por ser, en muitos casos, quenes primeiro se encontran con estas situacións de emerxencia, donde o tempo de resposta é vital.

SEGUNDO- Propoñemos que os establecimentos que se sumen a esta Campaña e leven a cabo a formación se lles identifique cun distintivo que mostre seu compromiso e interés.

TERCEIRO- Por remate, propoñemos que esta formación se ofrezca a todo- los/as vecinos/as a través das Asociacións Culturais, Comerciais, Deportivas, Sociais, de Veciños/as ou Comunidades de Propietarios as que se lles ofertará a opción de recibir estas charlas ou cursos."

ROGO SOBRE ESPAZO RESERVADO DE TEMPO LIMITADO PARA "URXENCIAS-FARMACIAS"

"Os espazos de aparcamento próximos as farmacias, nas maiorías dos casos, sempre están ocupados, e chegar a elas para recoller medicamentos, case sempre é un problema.

*Si ao anterior, sumamos que "dado" "**é un momentiño**" o espectáculo devehículos atravesados, mal estacionados ou por riba das veirarúas, causan molestias e poñen en perigo a integridade fisica dos peatóns e dos mesmos titulares dos vehículos.*

*Unha das maneiras de arranxar esta problemática, sería as "**reservas de espazo regulado**" nas proximidades das farmacias, tal e como se está facendo en moitas localidades, algunas próximas a esta vila, donde ademais, se indica o número de prazas asignadas e o tempo máximo de permanencia no lugar*

*Dende **CONVERXENCIA GALEGA**, vimos a proponer ao Pleno, para o séu debate e aprobación si procede a seguinte Moción:*

PUNTO UNICO:** O Departamento de Tráfico levará a cabo un estudo de cada unha das ubicacions das farmacias a fin de diseñar os espazos máis recomendables, prácticos e seguros, para indicalos como **RESERVANDO URXENCIAS "FARMACIA"

CONCELLO
DA GUARDA

ROGO SOBRE ESPACIOS PÚBLICOS COMPARTIDOS DE PERSOAS E ANIMAIS DE COMPAÑÍA

"Unha das funcions das Administracions Locais é regular aqueles aspectos que afecten a convivencia dos séus administrados, e un dos aspectos máis relevantes desa convivencia é o disfrute e a ocupación dos espacios públicos polos habitantes desta vila. s tamén unha realidade indiscutible, que eses espazos son ademais compartidos por animais de compañía, que demandan unhas necesidades e servizos específicos, e xeneran máis alá das obligacions e comportamentos regulados polas leis e polo civismo ciudadans, puntos de vista mui persoais, sentimentos e subxetividades que van dende o amor as mascotas, ata as sensacións de seguridade ou inseguridade derivadas da súa compañía.

CONVERXENCIA GALEGA, analizando esta situación, e despois de reunirnos con vecinos/as con vivendas colindantes as zonas de esparcimiento de mascotas que están usando, en xeral queremos plantexar a consideración deste pleno, unha proposta de adaptación de espazos públicos, para o uso compartido por persoas e animais de compañía.

Como decíamos, a concentración de persoas nun determinado espazo físico da lugar a unha serie de necesidades e servizos que teñen que ser necesariamente compartidos por outros. Neste caso que nos ocupa eses espazos públicos, dende o portal dunha vivenda ou a veirarúa ata os parques e xardíns usanse por cidadáns que en muitos casos comparten paseo con animais de compañía.

Dende CONVERXENCIA GALEGA, sempre nos manifestamos a favor da creación deste tipo de zonas, pero consideramos tamén que non estaría demais preguntar e dialogar cos/as veciños/as para plantexar a intención de ubicar unha zona de esparcimento de mascotas, algunos especialmente perto dalgunhas vivendas con plantas baixas habitables.

Dende CONVERXENCIA GALEGA, manifestamos en diversas ocasións que era nosa intención plantexar e intentar a ubicación de ditas zonas de esparcimento, en varios puntos da nosa localidade, pero sempre recibimos o silenzo como resposta.

Pensamos, que seria bó abrir unha rolda de xuntanzas entre partidos políticos, asociación e vecinos/as propietarios/as de animais de compañía, e residentes dos espazos seleccionados para intentar definir zonas de "convencía de humans e animais de compañía" e así, evitar enfrontamentos, clarexando os tódalas dúbidas que se poidan plantexar.

Considerarnos que atopando unha zoa acordada por todos/as, sería a que beneficiara a todos/as.

Tendo tarnén en conta que é preferible un mal acordó, a non ter ningún, e dese xeito, non ter que estar recibindo denuncias diante da administración, nos xulgados ou diante do valedor do pobo por parte de veciños colindantes cas zoas de esparcimento.

Dende CONVERXENCIA GALEGA, témonos manifestado favorables os animais e creación dunha zona de esparcimiento común para estos e tamén para os humáns, polo que non se pode

tomar decisión de espaldas os vecinos/as e menos, pretender crear unha infraestructura sen diálogo, ni tan siquera unha regulación mínima do espacio.

Por todo o anterior, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCION:

PRIMEIRO.-. Creación dunha comisión ESPECIAL/EXTRAORDINARIA composta polos distintos grupos políticos con representación municipal, técnicos de Urbanismo, veciños afectados, profesionais e colectivos interesados, para acordar un regulamento que será sometido su aprobación en Pleno de Regulación das zonas de esparcimento."

ROGO SOBRE A POSTA EN MARCHA DUNHA CAMPAÑA DE INSPECCIÓN DO MANTEMENTO DOS SOLARES PRIVADOS E ASÍ GARANTIR SEU DEBER DE CONSERVACIÓN

"Os Plans Xerais e a lexislación vixente recollen o deber de conservación dos solares por parte dos séus propietarios, o que implica seu correspondente valado, un tratamento da superficie (para evitar pozos, desniveis e a invasión de herbas, silveiros, etc.) e a limpeza tamén do mesmo para facer fronte a posibles transmisións de enfermedades, cheiros.

Unha das críticas que recibimos de tódolos barrios do noso pobos é a existencia de solare abandonados que no cumplen coa conservación antes mencionada, provocando molestias innecesarias a vecinos/as: suciedade, acumulación de escombros, basura, aparición de ratas e insectos, perigro de incendios nos meses de calor ... O Departamento de Urbanísmo, ten encomendadas, entre outras funcións, as labores de policía edificatoria relacionadas co deber de conservación da edificación e dos solares.

Cada vez que preguntamos, se nos responde que no caso de solares privados, as actuacións "inicianse, normalmente, trala denuncia dun particular, ou dalgunha Area Municipal", e que unha vez feita a denuncia, abrese expediente e "ordenase por resolución administrativa a execución de medidas que subsanen as deficiencias que presente o solar". En caso de incumplimento da orden, poderase optar entre as multas coercitivas e sanción ou execución subsidiaria por parte do Concello, en cuio caso teríase que obter autorización voluntaria de entrada ou autorización xudicial. Entendemos que debe ser unha obrigación do Concello inspeccionar todo-los solares, sexan públicos ou privados, para garantir unhas condicións de limpeza, salubridade e seguridade nas rúas da nosa vila.

Polo tanto, o Concello non pode quedarse a espera da denuncia cidadán e debería ser un axente activo nesta materia. Ata donde mos sabemos, "actualmente non existe unha campaña específica de inspección de solares privados a nivel de A Guarda". Ademais, a esixencia do deber de conservación convirtese nun potente elemento para impedir a especulación e, polo tanto, para o cumplimento do deber que impón a Constitución aos poderes públicos.

Éste tipo de actuacións, convirtese nun elemento necesario e fundamental si apostamos por unha vila máis humanizada, sostible e compacta. Tampouco podemos esquecer que o Concello pode ordear de oficio a execución das obras necesarias para conservar terrenos, construccions e edificios en condicions de seguridade, salubridade e ornato público. Ademais, estamos falando un tema de saude pública, e a protección nesta materia é unha das competencias

propias que os concellos deben exercer. Polo tanto, supeditar a existencia dunha denuncia dun particular o que debe ser a labor de inspección e vixilancia da Administración e a aplicación do previsto na normativa e na lexislación, non é máis que unha deixación de funcións por parte do Concello.

Por todo elo e en virtude do exposto, presentamos o ACORDO ÚNICO: Por medio Departamento de Urbanismo poñer en marcha una campaña específica de inspección de solares privados, para garantir o deber de conservación de ditos terrenos."

13.- Por último dicir que presentei por rexistro unha carta que lle pasaron ó presidente da Real Academia Galega de Ciencias, para que poidamos poñernos en contacto con eles para poder realizar algunha actividade conmemorativa na Guarda. Van a facer un acto en Santiago en Outubro e ver a posibilidade de que se poda ir en representación do Concello da Guarda

Neste momento abandona a sesión a Sra. Acevedo Rolán, sendo as 11:16 horas.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG

1. Con respecto á obra de Solanas, á cuberta do pavillón, nos trasladan varias dúbidas dende a cidadanía porque parece que houbo unha baixa no precio. Falouse dun baile de cifras.

O Sr. Español Otero di que pode ir a Intervención e que lle den as cantidades. Explica que da baixa que se adxudicou se pagou máis por uns imprevistos que surxiron.

O Sr. Baz Vicente di que queda aclarado.

2. O Sr. Baz Vicente roga que detrás do bar, detrás do número 56, si se pode colocar unha baranda nas escaleiras.
3. Con respecto a non depositar o lixo o fin de semana ata que chegue o domingo, se nos pregunta si se nos pode facilitar algún contenedor si o solicitamos.

   O Sr. Rodríguez González contesta que si.

4. En canto á limpeza dos contedores soterrados, hai unha empresa que está facendo unhas malas prácticas. Os líquidos cunha motobomba os meten directamente nunha rexilla e van directamente ó mar.

   O Sr. Rodríguez González contesta que hai dous anos houbo un incidente e se lles había sancionado. Hai que avisalos.

5. Na rúa San Caetano as tapas temblequean e molestan á xente maior. Dinnos que viñeron ó concello e non se lles fixo caso. Pido que se solucione.
6. En canto ás notificacións electrónicas que se lles fan ós concelleiros o Sr. Lomba Alonso di que non ten DNI electrónico e non pode acceder. Si esto entra dentro da sede electrónica,

non sei si esto é un ensaio ou non, pero pediría, si hai a posibilidade, que no mesmo e-mail constara unha aclaración sobre o que é ou un pdf.

7. Pediríamos ó grupo de goberno, xa que o BNG non o conseguíu por medio das alegacións que presentamos á ordenanza do lixo, e xa que neste pleno se conseguíu a maioría sobre os lugares de expresión social, que o grupo de goberno atenda á maioría democrática e que faga o esforzo de cumplilo. Hai moitos concellos que os teñen.

O Sr. Español Otero di que debería haber unha ordenanza que regulase ese asunto.

O Sr. Lomba Alonso di que o BNG quixo incluilo na ordenanza do lixo e non se nos aprobou.

8. Preguntar qué se está facendo co tema da guardería. Hai moitos nenos que se están levando a outros concellos e tamén a Vilanova de Cerveira, a Portugal.

O Sr. Alcalde di estamos tomando medidas dende o principio da lexislatura. Temos contactos coa Xunta, en primeiro lugar pensábamos nunha ampliación, pero agora queremos unha guardería nova.

9. Habería que arranxar o alumeado da Alameda, na zona dos xardíns están todas as luces nunhas condicións moi perigosas para os nenos.

O Sr. Rodríguez González di que xa se deu orden de arranxar eso.

ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

Preguntas:

1- Esta pregunta, dado a presa quero que se me conteste, no Concello está gardado o Santísimo que se expón no Porto coincidindo coas festas das Alfombras, unha dos días grandes na Guarda, polo significado e polo número de visitantes, nos gustaría preguntar si o electricista do Concello podería revisalo, xa que o ano pasado parte do iluminado se quedou coa chuvia, para saber que danos ten, e se é posible arranxalo, para que se poda expor coincidindo coas alfombras.

O Sr. Español Otero di acabo de enterarme. Falaremos co electricista ou co aparellador.

2- Pasaron dous meses desde que dixeron que a ordenanza da emerxencia social estaba en borrador, e máis de un ano e medio, desde que o dixeron por primeira vez. Non lles parece un prazo razoable para que ordenanza proposta polo PP de a Guarda xa estivera en pleno. Volvo ó exemplo de Tui, secretaria e intervención dixeron que o se publicaba unha ordenanza ou ian ter problemas, pois aquí pasa o mesmo, aprendan dos seus compañeiros de partido que non queren ter problemas.

O Sr. Alcalde di que as emerxencias sociais aténdense. Faixe un esforzo por contestalas, eso é o que me din de Servizos Sociais.

3- A ordenanza para regular actividades susceptibles de fumes, non foi contestada no ultimo pleno, agardo resposta neste.

4.- Non se me contestou a unha pregunta sobre as actividades a realizar coa Asociación do Alzhéimer, outros concellos están a facelas, e aquí se aprobou unha moción para colaborar, e non se está a facer nada., por favor rogo me contesten.

5.- Algúns veciños nos preguntan si os arranxos de Ingieiros van a seguir siendo votar capas de cemento, que cada vez é máis complicado subir para persoas con problemas de mobilidade.

O Sr. Español Otero di ¿ten sentido o que dis? Porque a pendiente é sempre a mesma.

6.- A ordenanza do GES, vamos a seguir a perder cartos para un servizo de emerxencias e os empregados a sufrir as consecuencias? Foi aprobada?

O Sr. Español Otero di que virá ó próximo Pleno.

7.- Porqué no se traen a pleno el informe de los reparos, tal como indica o artigo 218 del Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba el texto refundido de la Lei Reguladora de las Facendas Locais? Estamos moi preocupados polo reiterados dos reparos, e as consecuencias para este Concello.

A Sra. Magallanes Álvarez di que se ven facendo. O novo interventor acaba de chegar.

O Sr. Alcalde di que o Interventor lle comentou que se lles vai facer chegar.

8. No pasado desde San Caetano se podía baixar ata o que ahora é a senda litoral, xa que había acceso entre a praza de San Caetano e a casa que se está arranxar agora. Según me din parece que o Alcalde prometeu volver a abrir esa senda peonil, pero ¿para cando está previsto? Se vai a facer?

O Sr. Alcade di que o camino do cuchiño se fai a facer.

A Sra. Ortega Martínez pregunta ¿cándo?

O Sr. Alcade di cando se poda.

9.- Con antelación suficente este ano, preguntamos de novo, se vai a permitir a acampada no centro cultural durante as festas do monte? A imaxe que proxecta da Guarda é lamentable, non queremos decir que os vendedores ambulantes non se lles busque acougo, pero no centro Cultural da Vila. Non quero recordar como estaba aquilo o sábado do monte pasado cando varias autoridades e invitados viñeron a un acto de Stop accidentes e da volta ciclista a España.

O Sr. Alcalde di que é un tema difícil que volverá a tratar co xefe da policía. Podemos incluso plantexar unha comisión para buscar unha solución.

10.- Quiero saber quen deu a orden este Concello que no libro sobre a Citania de Xoan Tamuxe se arricaran dúas páxinas. O digo porque a funcionaria que o fixo, non pode ser responsable, ademáis debía adicarse a outras labores máis importantes que arricar follas de un libro, ¿Quén pagou as novas follas, este Concello, o Padroado ou a Diputación?, porque será a quen lle pida contas de un gasto innesario e superfluo, que é imprimir follas novas, ademáis do costes

imputados polo traballo dos funcionarios. Quero pensar que o concelleiro de patrimonio non ten nada que ver con isto. Pola sua formación estou segura que sabe as consecuencias de cambiar follas nun libro editado xa en 2011.

Rogos:

Agradecer que despois da insistencia do Partido Popular, as papeleiras do cruceiro pinto foran repostas, e os valados, ou vallas publicitarias da Saída de Baiona e o Tanatorio de Tui, por fin non sexan brancas, como dixen en todos os plenos dende que somos concelleiros.

Marina-Mazaracos.
-Colocar un espello na curva do Convento.
-Arranxen o parque de Laxe Grande, a varanda e os columpios.
-Cerren dunha vez ao tráfico, aos non residentes, a rúa do Porto, firmen o convenio de unha vez, deixen de dar voltas.

Guía-Solanas.
-Arranxen as beirarrúas da rúa O Rosal, na zona das vivendas do muíño, so o fixeron parcialmente.
-Sinalizar e colocar un badén na rúa Rosentes.
-Arranxar a Wifi Navegaguarda en toda a vila.
-Coloquen un espello no cruce da subida da cetárea e o carril bici.
-Coloquen unha marquesiña na parada do bus escolar en Donantes de Sangre.
-Arranxen as arquetas e canalizacións da senda Azul, debaixo do colexio Solanas.
-Poñan en funcionamento tódalas luces da farola da praza de Avelino Vicente.

San Queitano-A Cruzada.
-Limpar a pedra da fonte dos chanfreiros e lle den servicio de auga.
-Repoñan os vidros na marquesiña de Fontequente.
- Coloquen unha baranda nova na Cruzada, na estrada de circunvalación.
-Sinalicen en amarelo as zonas estreitas da rúa da Cal para impedir o aparcamento.

O Sr. Rodríguez González di que é de pedra e non pinta na pedra de amarillo.

-Coloquen unha barandilla pasando a capela, onde a casa do Tante.

Centro Urbán.-
-A Farola do centro cultural está maltrecha e torta, é un dos sitios emblemáticos da guarda
-Os aparatos para facer ximnasia no centro cultural están deteriorados, bueno como o entorno. Por favor reparar.
-Repoñan as placas nos monumentos, como por exemplo nos Centro Cultural.
-Repoñan a placa na piscina.
-Colocar xuntas de caucho nas tapas das alcantarillas para evitar ruídos por golpes.
-Arranxen os espellos deteriorados en diversas rúas da vila.
-Arranxar as baldosas rotas das beirarrúas, como as de diante do Froiz.
-Revisen as farolas, moitas están fundidas ou teñen os cristais rotos ou caíndose.
-Revisar e limpar as arquetas de toda a vila, moitas están cheas de terra.
-Reparar pavimento en Brasilino Álvarez, Pacífico Rodríguez e Secundino Melón.

CONCELLO
DA GUARDA

-Instalen sinais de limitación a de camións de gran tonelaxe por Pacífico Rodríguez.

O Castro.
-Limpen a farola de diante da fonte do Castro, está chea de hedras.
-Poñan un espello a altura da parada do bus e outro frente a casa do Outeiro.
-Limpen a maleza dos camiños do Castro.
-A Gándara-A Proba-Pintán.
-Poñer en servicio a fonte dos Merillóns.
-Adecentar a rotonda da VAC.
-Arranxar as losetas das beirarrúas na Gándara.
-Barrer as rúas da Gándara de cando en vez.
-Limpar a maleza dos camiños públicos.

Salcidos-O Coruto.
-Cambiar a papeleira do Cruceiro Pinto.
-Limpar a fonte da praza de Salcidos.
-Limpeza e arranxo de barandas da senda de diante do camping.
-Colocar badéns redutores de velocidade na rúa Coruto Vello.
-Revisar o poste eléctrico da praza de Buxán, cando chove da corrente.

Camposancos.PASAXE
-Limpar as hedras da farola da Armona.
-Arranxen o muro agretado na ponte ao lado da igrexa.
-Repoñan espellos, repuseron o do número 78 pero parece que non está dirixido hacía onde tiña que esar.
-Regularizar o pavimento con formigón na 1ª trv. Salgueiró.
-Coloquen máis papeleiras e sistemas de retención de contedores en Camposancos
-Que limpen o parque infantil da Armona e repoñan os columpios.
-Limpar a maleza das beirarrúas Irmáns Galdó, e a rotonda do Camiño Portugués.
- Coloquen un espello no cruce da saída dos asteleiros coa Estrada do pasaxe, diante dos xesuitas.

Intervén o Sr. Crespo González dicindo que o Guardés acaba de clasificarse para a Copa Deputación.

O Sr. Alcalde desexa sorte ó Atlético Guardés no partido de mañá.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás once horas e cincuenta e sete minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como secretaria, dou fe.

CONCELLO
DA GUARDA